



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de OUTUBRO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catro de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(773).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de setembro e extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2024 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(774).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA O MANTEMENTO, ADECUACIÓN E ACTUALIZACIÓN DAS FERRAMENTAS TELEMÁTICAS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS MUNICIPAIS E PROGRAMAS EDUCATIVOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN. EXPTE. 29586/332.

Visto o informe de fiscalización de data 30/09/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/09/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas educativos do servizo municipal de Educación (29586-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas educativos do servizo municipal de Educación (29586-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/04/2024, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/06/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 54.809,48 € (45.297,08 € máis 9.512,40 € de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- Anualidade 2024: 6.851,19 euros;
- Anualidade 2025: 13.702,37 euros;
- Anualidade 2026: 13.702,37 euros;
- Anualidade 2027: 13.702,37 euros;



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

- Anualidade 2028: 6.851,18 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 56.621,35 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de agosto de 2024, de EVELB TÉCNICAS E SISTEMAS, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP ("(...) Establécese un limiar mínimo de puntuación de 24,5 puntos. As ofertas que non acaden esta puntuación serán excluídas do proceso de licitación.")

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación (29586-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ALEN MULTIMEDIA, S.L.L.	84,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALEN MULTIMEDIA, S.L.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALEN MULTIMEDIA, SLL, o día 23 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida os días 30 de xullo e 3 e 6 de setembro de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 13 de setembro de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a ALEN MULTIMEDIA, SLL para que puidera emendar a documentación relativa ao certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Escritura de constitución na que consta o obxecto social e nomeamento de administrador único xunto cos estatutos da sociedade, que detallan os poderes do administrador único, e o DNI deste.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (9.591,66 €), presentan o balance das contas do ano 2023 e o Modelo 200 (Imposto de sociedades) e o Modelo 390 (IVE), documentos nos que se detalla o importe neto da cifra de negocios que supera a cantidade establecida como solvencia económica.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (9.591,66 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención do importe da garantía no prezo do contrato, asinada dixitalmente polo seu representante.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 27 de setembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALEN MULTIMEDIA, SLL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALEN MULTIMEDIA, SLL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 19 de agosto de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 22 de agosto de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de agosto de 2024, de EVELB TÉCNICAS E SISTEMAS, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP (“(...) Establécese un limiar mínimo de puntuación de 24,5 puntos. As ofertas que non acaden esta puntuación serán excluídas do proceso de licitación.”).

Segundo.- Adxudicar a ALEN MULTIMEDIA, SLL o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas educativos do servizo municipal de Educación (29586-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 41.140,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.140,00 euros.*
- b) Incrementa o número de horas de formación do persoal dependente do Servizo de Educación (a maiores do mínimo de 20 horas/ano) en 10 horas/ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(775).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS "REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN Nº13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS" EXPTE. 1923/441.

Visto o informe de fiscalización do 25/09/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 19/09/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras "Remodelación do interior do cuarteirón nº13 do Cemiterio de Pereiró para o depósito de cinzas" (1923-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras "Remodelación do interior do cuarteirón nº13 do Cemiterio de Pereiró para o depósito de cinzas" (1923-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN Nº 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS", redactado polos Arquitectos Municipais, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 25.919,59 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1640.6210000 (PROXECTO DE PANTALLA VEXETAL EN CAMIÑOS), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	50.000,00 €
2025	99.346,22 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 198,69 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras "Remodelación do interior do cuarteirón nº13 do Cemiterio de Pereiró para o depósito de cinzas" (1923-441) na seguinte orde descendente:

<i>Orde</i>	<i>Empresas licitadoras</i>	<i>Puntuación Total</i>
1º	NAROM, S.L.	96,08
2º	OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, S.L.	94,40

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, SL, o día 23 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 3 de setembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da

licitadora, o obxecto social e o apoderamento dos seus representantes, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA e as clasificacións vixentes.

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (148.111,96 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificacións alternativas (Grupo K - Subgrupo 6 - Categoría 1 e Grupo G - Subgrupo 6 - Categoría 1) presentan as clasificacións Grupo K - Subgrupo 6 - Categoría 2 e Grupo G - Subgrupo 6 - Categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (149.346,22 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificacións alternativas (Grupo K - Subgrupo 6 - Categoría 1 e Grupo G - Subgrupo 6 - Categoría 1) presentan as clasificacións Grupo K - Subgrupo 6 - Categoría 2 e Grupo G - Subgrupo 6 - Categoría 4.
- (Acreditación dos medios persoais (e materiais) a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5E/F do Anexo I -FEC- do PCAP / Habilitación profesional.)
- Aval por un importe de 5.641,21 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 19 de setembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 e 14 de agosto de 2024, respectivamente .

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, SL o procedemento aberto para a contratación das obras "Remodelación do interior do cuarteirón nº13 do Cemiterio de Pereiró para o depósito de cinzas" (1923-441) por un prezo total do contrato de 136.517,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.693,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(776).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “SERIES MUNICIPAIS E G.P. CIDADE DE ATLETISMO”. EXPTE. 23556/333.

Visto o informe xurídico do 11/09/2024 e o informe de fiscalización de data 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/09/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 05.03.24 a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO** solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “Series Municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 17.980,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Estatutos.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da composición da xunta directiva.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade de Vigo das Series Municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do atletismo galego e nacional.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800017 no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel autonómico, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación dós es dás mellores deportistas da modalidade no ámbito de Galicia.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dos e das mellores deportistas da modalidade.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.

- Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
- Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
- Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€ á entidade Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo a través dunha resolución cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Series municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, segundo resulta da documentación do expediente nº 23556-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800017 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “SERIES MUNICIPAIS E G.P. CIDADE DE ATLETISMO” (Expte. 23556-333).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Series Municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de atletismo.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Federación Galega de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 23556-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo das Series Municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Federación Galega de Atletismo deberá:

1º.- Organizar as Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o

desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder ó Federación Galega de Atletismo unha subvención pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800017 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2024 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos

xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina

web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

5(777).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO «PROGRAMA PARA A IMPLEMENTACIÓN DE PROCESOS DE CONTROL PREVENTIVO E INTEGRAL NA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS». EXPE. 36887/502.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudo.

6(778).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS SANTA CRISTINA-LAVADORES E COSTEIRA-SAIÁNS. EXPTE. 24359/332.

Visto o informe xurídico do 25/09/2024 e o informe de fiscalización do 30/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado polo técnico do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria en dous lotes dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais (EIMs) de Lavadores (Santa Cristina) e Saiáns (Costeira) - expediente 24359/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 22/06/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/07/2020 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 2.392.231,76 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación dos lotes do contrato: En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais Lavadores e de Saiáns, a Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de novembro de 2020 acordou:

- adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o lote 1 do procedemento para a xestión da EIM "Santa Cristina - Lavadores" por un prezo total de 1.076.240,00 euros (exento de IVE) e cos seguintes compromisos: Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais e 10 actividades de escola de pais anuais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

- adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o lote 2 do procedemento para a xestión da EIM “Costeira - Saiáns” por un prezo total de 1.076.240,00 euros (exento de IVE) e cos seguintes compromisos: Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais e 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2020 e as ofertas presentadas.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

“A) PRAZO TOTAL: 4 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración”

4.- Formalización do contrato: Os contratos para ambos os dous lotes foron formalizados en data 23 de decembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (COLEGIO LOS MILAGROS S.L.), establecéndose na cláusula 4ª dos mesmos que “O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 2021. Está contemplada unha prórroga de un ano.” En consecuencia, a data de finalización prevista para os dous lotes deste contrato é o 31 de decembro de 2024.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*

En data 10 de setembro de 2024, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para os dous lotes do contrato dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais “Santa Cristina - Lavadores” e “Costeira - Saiáns”, conforme ao estipulado nos mesmos.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais Lavadores e Saiáns por parte da empresa adxudicataria de ambos os dous lotes (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de

conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/001/2025 e o 31/12/2025.

7.- Orzamento: Os prezos totais do contrato para catro anos quedaron aprobados polos seguintes importes:

- Para o lote 1 (EIM Lavadores) por un importe de 1.076.240,00 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 269.060,00 euros.
- Para o lote 2 (EIM Saiáns) por un importe de 1.076.240,00 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 269.060,00 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano do lote 1 deste contrato quedaría fixado en 269.060,00 euros, exenta de IVE, con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de xaneiro a decembro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9904 (Escola Infantil de Lavadores).

Por outra banda, o prezo para a prórroga por un ano do lote 2 deste contrato quedaría fixado en 269.060,00 euros, exenta de IVE, con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de xaneiro a decembro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9907 (Escola Infantil municipal Saiáns).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato de servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina – Lavadores e Costeira - Saiáns (expte. 24359/332) para o período comprendido entre o 01/001/2025 e o 31/12/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 269.060,00 euros correspondente á prórroga do lote 1 do contrato, a favor da Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109 Este gasto imputarase con cargo ao exercicio 2025 da aplicación orzamentaria 3230.227.9904 (Escola Infantil de Lavadores).

3º.- Autorizar e comprometer un importe de 269.060,00 euros correspondente á prórroga do lote 2 do contrato, a favor da Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109 Este gasto imputarase con cargo ao exercicio 2025 da aplicación orzamentaria 3230.227.9907 (Escola Infantil municipal Saiáns).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

7(779).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES E MANTEMENTO DA SALA DE ESTUDO, DA AULA DA UNED DE VIGO E DOUTROS ESPAZOS NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS NA AVDA. BEIRAMAR. EXPTE. 97465/332.

Visto o informe xurídico do 26/09/2024 e o informe de fiscalización do 30/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/09/2024, asinado polo técnico do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 10 de abril de 2024, a concelleira da Área de Goberno resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congressos na avenida Beiramar (Vigo).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 10/04/2024.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 10/04/2024 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 06/09/2024 redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación en data 06/09/2024.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 09/09/2024.
- Documentos contables RC 150271 e RCFUT 150272, por importes de 9.163,28 e 320.714,80 euros respectivamente, de data 13/09/2024.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 16/09/2024.
- Informe de 23/09/2024 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 23/09/2024 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Servizos auxiliares de conserxería, atención ás persoas usuarias (persoas físicas ou xurídicas), control de accesos, información e mantemento, necesarios para o funcionamento da Sala de Estudos e doutros espazos adicados a usos culturais e educativos sitos no edificio do Auditorio-Pazo de Congressos na avenida Beiramar.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 3 (tres) anos e dúas posibles prórrogas, cunha duración dun ano cada unha delas.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 109.959,36 euros.

Aplicación orzamentaria: 3231.227.9902 “Funcionamento Aula de Estudos Beiramar” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congressos na avenida Beiramar.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 06/09/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 23/09/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congressos na avenida Beiramar.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 329.879,09 euros (272.626,52 euros máis 57.251,57 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congressos na avenida Beiramar, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3231.227.9902 “Funcionamento Aula de Estudos Beiramar”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 9.163,28 euros correspondentes ao ano 2024;
- 109.959,36 euros correspondentes ao ano 2025;
- 109.959,36 euros correspondentes ao ano 2026;
- e 100.796,08 euros correspondentes ao ano 2027.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(780).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO ANO 2024. EXPTE. 20716/77.

Visto o informe de fiscalización do 30/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 31 de maio de 2024 aprobouse a “Convocatoria e as bases reguladoras das **SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO ANO 2024**”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 114, do 12 de xuño de 2024 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 121 de data 21/06/2024 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 24/06/2024 ao 05/07/2024, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de catro (4) solicitudes:

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	Data de Rexistro da solicitude
21039-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	24/06/2024
21052-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	02/07/2024
21055-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO (FUNDAMAR)	04/07/2024
21058-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	05/07/2024

Todas estas entidades están inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións:

EXPTE.	CIF	ENTIDADE	REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS	DATA INSCRICIÓN	EPÍGRAFE
21039-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	1438-23	07/09/23	4.3
21052-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	1277-16	07/06/16	4.3
21055-77	G27745397	FUNDAMAR	1271-16	12/05/16	9.1
21058-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	1418-22	20/05/22	2.1

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2024) de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa innovación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que as entidades sen ánimo de lucro solicitantes que cumpran con todos os requisitos esixidos nas bases, os gastos de funcionamento e difusión necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e que teñan acomodo no obxecto desta convocatoria (custes salariais e de seguridade social derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo á subvención, gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado, gastos de difusión, publicidade e de asistencia a eventos, gastos de aluguer de locais e maquinaria, gastos de compoñentes necesarios para o desenvolvemento do proxecto, gastos de transporte necesarios para o proxecto, ...), cun máximo de 15.000,00€.

A quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Decreto de alcaldía de data 28/06/24), con data **24/07/2024**, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo primeira, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral.
Vogal 2	Ana M ^a Mouriz Martínez	Coordinadora de Desenvolvemento Local e Emprego
Suplente	André Otero Medraño	Técnico de xestión

A Comisión de Valoración con data 13/08/2024, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta da mesma data.

Conforme á documentación existente no servizo, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11^a, decídese ESTIMAR as catro solicitudes presentadas polas entidades: Asociación Clean Energy Ship UVIGO (G09819533), Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

(G27809425), Fundación PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO - FUNDAMAR (G27745397) e Asociación tecnolóxica A Industriosa (G27846609), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Avaliación das solicitudes.

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación das solicitudes presentadas e admitidas son, conforme ao disposto na Base Novena, son as que a continuación se indican:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. 9 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. 6 puntos.

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. 5 puntos.

A puntuación do apartado “áreas económicas relacionadas co proxecto” é a que se establece na mesma Base Novena no seu apartado 2, isto é:

2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Enerxías renovables	5 puntos
e) Biotecnoloxía	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos

3. Uso da lingua galega no proxecto. 5 puntos.

4. Nº de persoas implicadas directamente no proxecto:

a) Ata 4 persoas: 1 punto.

- b) De 4 a 8 persoas: 2 puntos
 c) Máis de 8 persoas: 3 puntos

5. Nº de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
 a) 1 punto por cada contrato.

E as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións son:

BAREMO PUNTUACIÓN BASE 9ª SUBVENCIONES PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO 2024								
CIF	ENTIDADE	1. Calidade/ viabilidade Técnica (máx. 20)			2. Área económica	3. Uso lingua galega no proxecto	Nº persoas Contratadas	TOTAL
		a-1	a-2	a-3				
G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	9	6	5	5	5	0	30
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	9	6	5	5	5	0	30
G27745397	FUNDAMAR	9	6	5	2	5	0	27
G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	9	6	5	5	5	0	30

3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade asignada 2º reparto	Cantidade Resolución	% concedido
21039-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	15.000,00 €	30	10.256,41	467,17	10.723,58 €	71,49 %
21052-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00 €	30	10.256,41	467,17	10.723,58 €	71,49 %
21055-77	G27745397	FUNDAMAR	9.083,69 €	27	9.083,69		9.083,69 €	100,00 %
21058-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	9.469,15 €	30	9.469,15		9.469,15 €	100,00 %
<i>Totais</i>			48.552,84	117	39.065,66	934,34	40.000,00 €	

Valor punto 1º reparto: 341,88 €
 Resto para 2º reparto: 934,34 €
 Valor punto 2º reparto: 15,57 €

Da contía total destinada a estas axudas(40.000,00 €), no primeiro reparto para as entidades FUNDAMAR e A.Tecnolóxica A Industriosa debe minorarse a cantidade asignada en función da puntuación obtida no proceso de baremación xa que excedía o importe solicitado por cada unha delas. Ao minorarse os importes correspondentes por baremación a estas dúas entidades, quedan sen repartir 934,34€, que se volven repartir nunha segunda



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

rolda proporcionalmente aos puntos obtidos por baremación das dúas entidades que non alcanzaron o máximo subvencionable (e solicitado).

4.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 11.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

...”

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO PRIMEIRA das bases reguladoras do procedemento:

- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O prazo de resolución e notificación será de **tres meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remíranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

Así mesmo, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento**, debido a motivos laborais e a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non devese de imposible cumprimento, establecendo un prazo ata o **18 de outubro de 2024** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concel-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

leira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa innovación” do vixente exercicio orzamentario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
21039-77	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	G09819533	10.723,58€
21052-77	A.E. UVIGO MOTORSPORT	G27809425	10.723,58€
2105-77	FUNDAMAR	G27745397	9.083,69€
21058-77	A. TECNOLÓXICA INDUSTRIOSA A	G27846609	9.469,15€

SEGUNDO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

TERCEIRO: RECTIFICAR o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente acordo non deveña de imposible cumprimento, establecendo un prazo ata o 18 de outubro como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12^a.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(781).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO -ANO 2024. EXPTE. 20803/77.

Visto o informe de fiscalización do 01/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2024
- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/05/2024

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 24/05/2024, aprobáronse as “Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Exdte. 20803/77”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 108, do 4 de xuño de 2024, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 112 de data 10 de xuño de 2024, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (11/06/2024 ao 24/06/2024, da que resultou a presentación de sesenta e seis (66) solicitudes.

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen o financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio presupostario (2024) de 1.490.000,00 € (un millón catrocentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, distribuídos en cinco programas:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000,00 € (catrocentos corenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 111.000,00 € (cento once mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

II. A quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, con data 30/07/2024 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral
Vogal 2	Sonia M ^a Martínez Alonso	Técnica de emprego
Suplente 1	André Otero Medraño	Técnico de xestión

III. A Comisión de Valoración procedeu á avaliación das solicitudes e dos supostos de desestimación, a distribución das axuda, do cal queda constancia, na acta incorporada ao expediente de data 16/09/2024.

IV. Con data 20/09/2024, previo o informe de Intervención, a Xunta de Goberno Local aprobou o seguinte ACORDO:

“ **PRIMEIRO: DESESTIMAR**, conforme ao art. 21.4 da LSG, ás (3) tres solicitudes de subvención que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en particular, polas causas indicadas

	Nº Expte	CIF	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
1	21000-77	G36827079	CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS.	Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións	BASE 2.2 e 11.2
2	20996-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	No cumprir o establecido na base 3ª no referente ao proceso de selección necesidade de manter vixente a contratación sen interrupción máis alo do 31/07/2023”	BASE 3.2 e 11.2
3	21041-77	36013656A	JUAN RAMON PEREZ PEREZ- ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN CONFORME AO REQUIRIMENTO FORMULADO EN RELACIÓN AO ANEXO V.	BASE 2.8, 9 e 11.2

SEGUNDO: ACEPTAR o desistimento da solicitudes de subvención, e declarar conclusos os procedementos correspondentes iniciados que se relacionan de seguido, a teor do disposto nos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común:

	Nº Expte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Data Rex.
1	21004-77	240196212	G36925691	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEADES NEU- ROMUSCULARES ASEM GALICIA	20/06/24

TERCEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de **1.233.638,95 €** (un millón douscentos trinta mil oitocentos oitenta e un con cincuenta e dous euros):

PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAI)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20968-77	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	29.922,92 €	29.922,92 €	100,00%
2	20979-77	G36704666	FEDERACIÓN VIGUESA DE PENAS RECREATIVAS EL OLIVO	6.978,96 €	6.978,96 €	100,00%
3	20989-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECINOS PLAZA DA MIÑOCA	7.771,73 €	7.771,73 €	100,00%
4	20991-77	G36654036	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	16.114,40 €	16.114,40 €	100,00%
5	20995-77	G27771195	ASOCIACIÓN VECINAL NOVO VIGO	12.179,09 €	12.179,09 €	100,00%
6	21001-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	19.923,45 €	19.923,45 €	100,00%
7	21005-77	G36648293	ASOCIACIÓN VECINOS DEL CALVARIO	9.260,29 €	9.260,29 €	100,00%
8	21024-77	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE BEADE AVCU-CSCR	13.733,33 €	13.733,33 €	100,00%
9	21025-77	G36614097	CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	30.781,83 €	30.781,83 €	100,00%
10	21028-77	G36633618	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAVADORES	11.774,91 €	11.774,91 €	100,00%
11	21031-77	G36622793	ASOCIACIÓN DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	15.473,67 €	15.473,67 €	100,00%
12	21035-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
13	21037-77	G36649325	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	5.427,30 €	5.427,30 €	100,00%
14	21038-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	13.319,30 €	13.319,30 €	100,00%

PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20958-77	G27796341	ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURISTICA	7.340,14 €	7.340,14 €	100,00 %
2	20959-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	20.719,01 €	20.719,01 €	100,00 %
3	20972-77	G27877703	ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
4	20973-77	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	30.999,46 €	30.999,46 €	100,00 %
5	20974-77	G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	6.480,36 €	6.480,36 €	100,00 %
6	20980-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	14.910,76 €	14.910,76 €	100,00 %
7	20981-77	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	3.191,33 €	3.191,33 €	100,00 %
8	20982-77	G27867076	THE WILD	32.441,54 €	32.441,54 €	100,00 %
9	20983-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO- COMEDOR DE LA ESPERANZA	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
10	20985-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	1.922,89 €	1.922,89 €	100,00 %
11	20987-77	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SONADOR	2.530,28 €	2.530,28 €	100,00 %
12	20998-77	G36697324	DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
13	20999-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	22.952,10 €	22.952,10 €	100,00 %
14	21003-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	27.802,86 €	27.802,86 €	100,00 %
15	21006-77	G36873511	ALENTO-ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	19.848,25 €	19.848,25 €	100,00 %
16	21007-77	G36044295	ASOC. DOA SAUDE MENTAL	6.051,93 €	6.051,93 €	100,00 %
17	21008-77	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASPANAEX	23.210,13 €	23.210,13 €	100,00 %
18	21012-77	G36816106	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	2.792,55 €	2.792,55 €	100,00 %
19	21015-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	34.523,79 €	34.523,79 €	100,00 %
20	21017-77	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	15.720,80 €	15.720,80 €	100,00 %
21	21020-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	6.674,37 €	6.674,37 €	100,00 %
22	21021-77	R360336F	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	5.023,28 €	5.023,28 €	100,00 %
23	21023-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	20.313,29 €	20.313,29 €	100,00 %
24	21026-77	G94084456	ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	28.138,24 €	28.138,24 €	100,00 %
25	21030-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	33.425,29 €	33.425,29 €	100,00 %
26	21032-77	G36962447	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	18.759,73 €	18.759,73 €	100,00 %
27	21033-77	G27802818	ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	2.231,02 €	2.231,02 €	100,00 %
28	21036-77	G36733046	FUNDACIÓN TUTELAR SÁLVORA	1.538,77 €	1.538,77 €	100,00 %

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20965-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	20.828,11 €	20.828,11 €	100,00 %
2	20978-77	G36661536	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	9.467,65 €	9.467,65 €	100,00 %
3	20992-77	G27807205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	34.946,24 €	34.946,24 €	100,00 %
4	20994-77	G36627719	ASETRANSPO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
5	21011-77	G02948974	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	12.358,00 €	12.358,00 €	100,00 %
6	21013-77	G36664217	ASOC. DE COMERCIANTES DE TEIS	33.942,22 €	33.942,22 €	100,00 %
7	21016-77	G36732295	ASOC DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	12.977,61 €	12.977,61 €	100,00 %
8	21022-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	26.480,87 €	26.480,87 €	100,00 %
9	21040-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE TRAVIESAS	19.398,80 €	19.398,80 €	100,00 %

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

	CIF	Nº Expte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1	V36840726	21009-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	143.397,82 €	143.397,82 €	100,00%

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

	Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1	20966-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	20.105,08 €	20.105,08 €	100,00%
2	20975-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	19.245,46 €	19.245,46 €	100,00%
3	20986-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	31.608,45 €	31.608,45 €	100,00%
4	20990-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	5.416,59 €	5.416,59 €	100,00%
5	20993-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	16.516,30 €	16.516,30 €	100,00%
6	21002-77	G36713493	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	3.413,60 €	3.413,60 €	100,00%
7	21014-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	14.036,30 €	14.036,30 €	100,00%
8	21018-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	29.826,09 €	29.826,09 €	100,00%
9	21019-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	6.967,26 €	6.967,26 €	100,00%
10	21034-77	G36737724	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	15.503,15 €	15.503,15 €	100,00%

...”

VI. Polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, se detectaron erros nos datos reflectidos na Acta da Comisión de Valoración e no Informe proposta de concesión das axudas, referentes á ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA ASDEGAL (Expte. 20974/77), e que afecta ao importe solicitado pola entidade e ao reparto das axudas.

Tal e como se reflicte na Acta da Comisión de Valoración de data 16/09/2024, e Anexos á Acta (Baremo e Reparto), debe procederse á emenda do importe solicitado pola entidade (23.131,27 euros, en vez de 6.480,36 euros) a modificación do importe solicitado non afecta á puntuación obtida nos baremos o cal non se ve alterado.

Asemade, procede corrixir o Informe proposta de concesión das axudas, no referente ao importe solicitado pola entidade, xa que, no canto de 6.480,36 €, debéra dicir, 23.131,27 €, tal e como se indica no orzamento total presentado a través do documento núm. 240175676 incorporado ao expediente, o que conleva, á súa vez, a necesidade de corrixir o importe concedido, sen que iso afecte ao importe das subvencións outorgadas ás restantes entidades beneficiarias das axudas.

Por último, e como consecuencia do anterior, o importe total concedido debéra dicir 1.250.289,86 €, no canto de 1.233.638,95 €.

Polas consideracións expostas debe procederse á corrección dos devanditos erros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, debe proceder á corrección do erro no importe solicitado e concedido á entidade ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA ASDEGAL e na suma do importe total das axudas concedidas, sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

Á vista das consideracións expostas e a teor do establecido nas bases reguladoras da subvención, do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en virtude de Decreto de Alcaldía de data 28/06/24, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: RECTIFICAR o erro existente no primeiro parágrafo do Apartado 3º do Acordo de Xunta de Goberno Local de data 20/9/2024, polo que se aprobou o “OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, ANO 2024, de xeito que,

Onde di:

“**CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de **1.233.638,95 €** (un millón douscentos trinta mil oitocentos oitenta e un con cincuenta e dous euros):

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
5	20974-77	G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	6.480,36 €	6.480,36 €	100,00 %

Deberá dicir:

“**CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de 1.250.289,86 € (un millón douscentos cincuenta mil douscentos oitenta e nove con oitenta e seis euros):

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
5	20974-77	G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	23.131,27 €	23.131,27 €	100,00 %

SEGUNDO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos

art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(782).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2023/2024 OU DO ANO 2024 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 12855/224.

Visto o informe de fiscalización do 30/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/09/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e a asesora xurídica do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e Comercio, e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 31 de maio de 2024, aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. As Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nas datas do 07/06/2024 e do 12/06/2024, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 13 de xuño e rematou o 26 de xuño de 2024, incluídos.

Conforme establece a base décima, as solicitudes e a documentación esixida debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma base décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 87 entidades no Rexistro electrónico do Concello de Vigo. Delas, estas 3 entidades rexistraron a súas solicitudes fóra do prazo establecido:

- Veteranas de Balonmano, con CIF G27847615, expte. núm. 13121-224, rexistrou a súa solicitude o 27/06/2024.
- Club Ciclista Coruxo, con CIF G27710730, expte. núm. 13122-224, rexistrou a súa solicitude o 27/06/2024.
- Club CIES Squash, con CIF G27869437, expte. núm. 13123-224, rexistrou a súa solicitude o 30/06/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes presentadas en prazo e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou defectuosa. Todas as entidades, excepto unha, achegaron a documentación solicitada.

Segundo a base décimo segunda, en data 14/08/2024, enviouse requirimento á entidade Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033, expte. núm. 13063-224, para que completase e emendase a súa solicitude. A entidade foi notificada o 19/08/2024. En data 21/08/2024, a entidade Agrupación Deportiva Xogara presentou a través do Rexistro electrónico do Concello os documentos núm. 240249874 e 240249889 pero non achegou a documentación requirida e non presentou ningún certificado dunha Federación deportiva que acredite o número mínimo de licenzas deportivas femininas establecido na base 5ª.1: *"Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos: (...) e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado"*.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria de 1.500 € (base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de avaliación, integrada por Dª Ana Laura Iglesias González, concelleira de Igualdade e Comercio, que actuou como presidenta, Dª Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades do Servizo de Igualdade, e Dª Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 9 de setembro de 2024, ás 12.00 h, co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria.

Detectado, posteriormente, erro na valoración realizada pola dita Comisión o 9 de setembro (da que consta acta no expediente 12855-224), na data do 26 de setembro, ás 10.00 horas, réunese, nunha nova sesión, a Comisión de avaliación das solicitudes.

Segundo o disposto na citada base sétima, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes que non reúnen os requisitos estipulados na base quinta.

A entidade deportiva Bouzas Caiac, con CIF G67795062, expte. 13079-224, non acreditou que a entidade conta co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado. Conforme a base 5ª.1: *"Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos: (...) e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado"*. Segundo o certificado da Federación de Piragüismo que presentou, a entidade Bouzas Caiac só conta

con 6 licenzas femininas na tempada de referencia e ningunha licenza feminina de deporte adaptado.

Incorpórase ao expediente a acta da sesión constitutiva da Comisión de Avaliación xunto coas follas valorativas de cada entidade beneficiaria e unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada unha delas, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, así como a proposta de denegación das solicitudes presentadas polas seguintes entidades e polos motivos que se indican:

- Veteranas de Balonmano, con CIF G27847615, expte. 13121-224, Club Ciclista Coruxo, con CIF G27710730, expte. 13122-224, e Club CIES Squash, con CIF G27869437, expte. 13123-2243, por presentar as súas solicitudes de subvención fóra de prazo.
- Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033, expte. 13063-2241, por non achegar a documentación requirida e non acreditar contar co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- Bouzas Caiac, con CIF G67795062, expte. 13079-224, por non contar co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder do Servizo de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

Así mesmo, tendo en conta o estado no que se atopa actualmente o procedemento e co fin de posibilitar que as entidades beneficiarias poidan xustificar en prazo o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos, cómpre rectificar a data límite de xustificación establecida na base décimo quinta das Bases reguladoras ampliándoa ata o 31 de outubro de 2024 incluído, polo que “as beneficiarias das subvencións deberán xustificar con data límite o 31 de outubro de 2024 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as axudas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con noventa e catro céntimos (44.999,94 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación das entidades beneficiarias e as contías das axudas concedidas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1755/1102

2º.- Denegar a concesión da subvención as solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Por rexistrar a súa solicitude fóra do prazo establecido, conforme o estipulado na base 5ª.2: "Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: (...) c) *As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea*":

- Veteranas de Balonmano, con CIF G27847615, expte. 13121-224
- Club Ciclista Coruxo, con CIF G27710730, expte. 13122-224
- Club Cies Squash, con CIF G27869437, expte. 13123-224

b) Por non achegar a documentación requirida e non acreditar que a entidade conta co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado (base décimo segunda e base quinta):

- Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033, expte. 13063-224

c) Por non acreditar que a entidade conta co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado (base quinta):

- Bouzas Caiac, con CIF G67795062, expte. 13079-224. Segundo o certificado da Federación de Piragüismo que presenta, a entidade só conta con 6 licenzas femininas na tempada de referencia e ningunha licenza feminina de deporte adaptado.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Rectificar a data límite para que as entidades beneficiarias xustifiquen o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos que se recolle na base décimo quinta das Bases reguladoras, ampliándoa ata o 31 de outubro de 2024 incluído, polo que "as beneficiarias das subvencións deberán xustificar con data límite o 31 de outubro de 2024 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos", quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.

5º.- Notificar este acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: ENTIDADES BENEFICIARIAS, PUNTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	1.500,00 €	PATINAXE	A	11	478,87 €
CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	650,00 €	PETANCA	A	9	391,81 €
CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G36927689	1.500,00 €	ATLETISMO	A	23	1.001,29 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO	G27865831	1.500,00 €	PATINAXE	A	15	653,01 €
CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G36869873	1.500,00 €	ESGRIMA + ESGRIMA EN CADEIRA DE RODAS	A	14	609,47 €
CLUB INDALO PATINAJE ARTÍSTICO	G16794968	1.500,00 €	PATINAXE	A	20	870,69 €
CLUB PETANCA VIGO	G36702413	480,00 €	PETANCA	A	7	304,74 €
CLUB NATACIÓN RIAS BAIXAS	G36827079	1.500,00 €	NATACIÓN	A	14	609,47 €
CLUB VIGO SQUASH	G36929511	1.500,00 €	SQUASH	A	8	348,27 €
CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMENINO CIES	G27713759	1.500,00 €	PÁDEL	B	10	435,34 €
CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC	G36931582	1.200,00 €	XIMNASIA	A	24	1.044,81 €
CLUB MANIOTAS	G36684819	1.500,00 €	XIMNASIA	A	20	870,69 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES	G36765733	1.500,00 €	PATINAXE	A	18	783,61 €
SÁRDOMA CF	G36615607	1.500,00 €	FÚTBOL	A	17	740,08 €
CLUB PEÑASCO	G27804970	500,00 €	FÚTBOL	A	11	478,87 €
AS SPORT VIGO	G27749837	1.500,00 €	TAEKWONDO	B	7,5	326,51 €
CLUB PETANCA OUTEIRO	G27788314	1.000,00 €	PETANCA	A	11	478,87 €
CLUB CIOS VIGO	G36795680	1.500,00 €	FÚTBOL	A	8	348,27 €
CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO	G36629657	1.500,00 €	FÚTBOL	A	14	609,47 €
INDEPENDIENTE FÚTBOL CLUB	G36710416	500,00 €	FÚTBOL	A	11	478,87 €
BLACK VOLEY VIGO	G27747864	915,77 €	VOLEIBOL	A	14	609,47 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL	G36622934	1.000,00 €	BALONMÁN	A	13	565,94 €
YIDAM - CEIP BALAÍDOS	G27782176	800,00 €	TAEKWONDO	B	9	391,81 €
CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G36614097	1.500,00 €	PÁDEL + TENIS	B	8	348,27 €
CLUB DEPORTIVO DELIKIA	G67788828	1.500,00 €	TRÍATLON E PENTATLON MODERNO	A	8	348,27 €

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 FÚTBOL SALA	G36982239	1.500,00 €	FÚTBOL	A	7	304,74 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	1.500,00 €	NATACIÓN + VELA	A	27	1.175,42 €
CLUB DE TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	1.000,00 €	TAEKWONDO	B	8	348,27 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	G36692317	1.500,00 €	BALONCESTO	A	24	1.044,81 €
CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	1.500,00 €	BALONMÁN	A	10	435,34 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	G36657450	1.500,00 €	DEPORTE ADAPTADO – BOCCIA	A	10	435,34 €
CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO	G36649408	1.500,00 €	BALONCESTO	A	14	609,47 €
CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	1.500,00 €	BALONCESTO	A	21	914,21 €
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	G36686376	1.500,00 €	BALONMÁN	A	18	783,61 €
CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	20	870,69 €
CLUBE PETANCA ENSINO	G36798866	600,00 €	PETANCA	A	9	391,81 €
CLUB DEPORTIVO SEUNGSPORT	G27810761	1.500,00 €	TAEKWONDO	B	7,5	326,51 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA SODIM	G27727965	1.000,00 €	VELA	A	8	348,27 €
CLUB MINAUTA	G36834240	1.000,00 €	MOTONÁUTICA	A	8	348,27 €
MOLEDO CLUB FÚTBOL	G36734226	570,00 €	FÚTBOL	A	5	217,67 €
COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	1.200,00 €	ATLETISMO	A	15	653,01 €
CLUB NATACIÓN TRAVIESAS	G36823524	1.400,00 €	NATACIÓN	A	9	391,81 €
CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	G36637890	1.200,00 €	ESPELEOLOXÍA + MONTAÑISMO	B	11,5	500,64 €
CLUB DE LOITA CIUDAD DE VIGO	G36955565	540,00 €	LOITA	A	9	391,81 €
CLUB MARÍTIMO DE CANIDO	G36630127	1.000,00 €	VELA	A	8	348,27 €
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICIA	G36630192	800,00 €	ESPELEOLOXÍA + MONTAÑISMO	B	10	435,34 €
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G36645109	1.500,00 €	ATLETISMO	A	10	435,34 €
CLUB DO LUME	G36852671	800,00 €	PETANCA	A	14	609,47 €
CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA	G36942142	1.500,00 €	BALONCESTO	A	21	914,21 €
CLUB PETANCA CABRAL	G36765055	1.160,00 €	PETANCA	A	14	609,47 €
CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	1.500,00 €	HALTEROFILIA	A	10	435,34 €

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S	G36886422	1.500,00 €	FÚTBOL	A	16	696,55 €
CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO	G27822006	800,00 €	PIRAGÜISMO	A	12	522,41 €
CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA	G36811974	850,00 €	PATINAXE	A	16	696,55 €
CLUB DEPORTIVO BEADE	G27711472	600,00 €	FÚTBOL	A	7	304,74 €
UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	G36810075	1.500,00 €	BALONMÁN	A	15	653,01 €
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	1.500,00 €	FÚTBOL	A	10	435,34 €
S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL	G36645018	1.000,00 €	ATLETISMO	A	10	435,34 €
ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES	G36805158	1.500,00 €	FÚTBOL	A	10	435,34 €
GMTA&CHUVONERS	G27782168	400,00 €	MONTAÑISMO	B	7,5	326,51 €
CLUB BADMINTON CIES	G36827418	500,00 €	BÁDMINTON	B	7	304,74 €
CLUB SAN IGNACIO DE LUCHA	G36708303	800,00 €	LOITA	A	8	348,27 €
GRUPO DE MONTAÑA ALUD	G36897437	1.500,00 €	MONTAÑISMO	B	5,5	239,43 €
CLUB PATINAJE BALAIÓDOS	G27846864	1.500,00 €	PATINAXE	A	18	783,61 €
CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	G36713493	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	24	1.044,81 €
CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO	G27763812	1.200,00 €	NATACIÓN	A	16	696,55 €
CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL COIA	G36948115	1.500,00 €	BALONMÁN	A	12	522,41 €
PABLO CLUB DE BAILE DEPORTIVO AL COMPÁS	G27711597	1.000,00 €	BAILE DEPORTIVO	A	12	522,41 €
CLUB AS RODAS PATINAJE ARTÍSTICO DE VIGO	G36645091	1.000,00 €	PATINAXE	A	18	783,61 €
CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	1.500,00 €	PATINAXE	A	14	609,47 €
CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	1.500,00 €	PATINAXE	A	20	870,69 €
FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	G36704666	1.500,00 €	PATINAXE	A	12	522,41 €
CLUB REMO VIGO	G27852896	1.000,00 €	REMO	A	10	435,34 €
CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G36888543	1.500,00 €	ESGRIMA	A	9	391,81 €
CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE	G36904530	700,00 €	ATLETISMO + PETANCA	A	17	700,00 €
ILLAS CIES TENIS DE MESA	G27849090	1.500,00 €	TENIS DE MESA	A	10	435,34 €
CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	1.500,00 €	BALONMÁN	A	14	609,47 €

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
C.A.R. MARISQUEIRO	G27737477	1.500,00 €	ATLETISMO + MONTAÑISMO	A + B	12,5	544,18 €
CLUB DE FÚTBOL BALAÍDOS	G36737724	1.500,00 €	FÚTBOL	A	11	478,87 €
CLUB DEPORTIVO SAN JOSÉ DE CLUNY VIGO	G27857465	650,00 €	BALONCESTO	A	9	391,81 €
CLUB KAYAK VIGO	G36978559	1.000,00 €	PIRAGÜISMO	A	15	653,01 €
ESPELEO CLUB ARADELAS	G36642247	200,00 €	ESPELEOLOXÍA	B	5,5	200,00 €
					1.035,50	44.999,94 €



Concello de Vigo

11(783).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 11694/224.

Visto o informe xurídico do 19/09/2024 e o informe de fiscalización do 24/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/09/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Igualdade e Comercio, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 9 de decembro de 2022, acordou adxudicar á entidade Fundación Aldaba, con CIF G82453606, o contrato de prestación dos servizos da xestión do *Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* por un prezo total do contrato para un ano de duración de 30.800,00 euros, exento de IVE.

En data 20 de decembro de 2022, o Concello de Vigo (a través da concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal) e a entidade adxudicataria (a través do representante da entidade) asinaron o contrato.

A cláusula 4ª do contrato establece que *“o prazo do contrato é dun ano, contado a partir do día 28 de decembro de 2022. Están previstas, como máximo, dúas prórrogas de un ano de duración cada unha”*.

Segundo a cláusula 3ª do dito contrato, o pagamento do prezo do contrato aboarase conforme ao establecido na cláusula 11ª das follas de características do contrato (FEC), contidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

Atendendo ao apartado 3 da cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.”*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga anual do contrato, que abrangue desde o 28 de decembro de 2023 ata o 27 de decembro de 2024, ambos incluídos.

Tendo en conta que esta primeira prórroga do contrato finaliza o próximo 27 de decembro, en data 9 de setembro de 2024 solicitouse á entidade Fundación Aldaba declaración sobre a súa conformidade coa segunda prórroga anual do contrato, que comprenderá o período do 28 de decembro de 2024 ao 27 de decembro de 2025 (ambos incluídos).

S.ord. 04/10/2024

En data 10 de setembro de 2024 e documento número 240273593, a entidade Fundación Aldaba achegou, a través do Rexistro electrónico do Concello, escrito asinado polo seu representante declarando a súa conformidade coa segunda prórroga anual do contrato.

Co obxecto de propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación da segunda prórroga anual do contrato, este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da entidade que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación da segunda prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación da segunda prórroga anual do contrato que comprenderá o seguinte período: do 28 de decembro de 2024 ao 27 de decembro de 2025 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 30.800,00 euros (contrato exento de IVE). O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente e do futuro exercicio 2025 do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 28 e o 31 de decembro de 2024 (4 días) = 337,52 € , con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade (RC n.º 202400003540 do 09/01/2024).
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 27 de decembro de 2025 (11 meses e 27 días de decembro) = 30.462,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades*, do orzamento futuro para o exercicio 2025 do Servizo de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de servizos de xestión do *Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*, que abrangue do 28 de decembro de 2024 ao 27 de decembro de 2025, ambos incluídos, coa entidade Fundación Aldaba (G82453606), actual adxudicataria do contrato por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2022.



Concello de Vigo

2º.- Aprobar o gasto de 30.800,00 euros para facer fronte aos pagos do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito:

- 337,52 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- 30.462,48 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2025 na aplicación orzamentaria 2311 2279906 *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* do orzamento do Servizo de Igualdade do futuro exercicio 2025.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público conforme o establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de contratos do sector público, e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(784).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI 2022-2023. EXPTE. 9918/335.

Visto o informe xurídico do 20/05/2024 e o informe de fiscalización do 23/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/08/2024, asinado polo enxeñeiro municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 5 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria, acordando a desestimación das seguintes solicitudes:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9761-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Documentación sen subsanar
9849,335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	Documentación sen subsanar
9918-335	CRAC de Coruxo	G36627495	Documentación sen subsanar
9764-335	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Documentación sen subsanar
9853-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Documentación sen subsanar
9875-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Documentación sen subsanar
9876-335	Asoc. S. CDR Helios de Bembrive	G36633428	Documentación sen subsanar
9877-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	Documentación sen subsanar
9881-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Documentación sen subsanar
9893-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Documentación sen subsanar
9910-335	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Documentación sen subsanar
9911-335	Asoc. V.S.C.D. O Freixo	G36654184	Documentación sen subsanar
9916-335	Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma	G36649325	Documentación sen subsanar
9917-335	Lideiras Asoc. Cultural	G67674598	Documentación sen subsanar

5. A xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16/02/24 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente."

6. Consonte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais na data 01/03/24 remite ao interesado notificación da resolución declarando desistido a súa solicitude á



Concello de Vigo

entidade **Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo (G36627495)** e informando do prazo para interposición de recurso.

7. Na data 07/03/24 a entidade presenta recurso de reposición (doc. nº. 240081183) ante o órgano que dictou a resolución.

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 123 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano polo que foron dictados.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Na resolución de data 27/02/24 acordase a desestimación da solicitude ao comprobar que na documentación: “documento acreditativo da representación e certificado da situación censal da entidade”, presentada como subsanación da documentación solicitada por requerimento de data 14/12/23, foi presentada fora de prazo.

En consecuencia, no presente recurso de reposición, a parte recurrente indica que a documentación pendente de subsanar adiantouse por correo electrónico e o retraso foi consecuencia da demora dende a solicitude do mesmo na Axencia Tributaria (achegan xustificante da solicitude de dito certificado).

En relación coas manifestacións efectuadas por parte do recurrente, ante o breve prazo de tempo (dous días hábiles) facilitados para aportar documentación no requerimento e de acordo co establecido na base oitava remítese á comisión de valoración que se reúne o 9 de maio ás 13:30.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto polo Centro Recreativo Artístico e Cultura de Coruxo (G-36.627.495) contra a resolución do concelleiro delegado de data 27/02/24.

SEGUNDO.- CONCEDER unha subvención para a actividade “Festival Folclórico Internacional de Coruxo” cunha **asignación fixa de 4.000,00 €**, entendendo que reúne as condicións recollidas na base décimo primeira 1.4) das bases, tendo un presuposto que

S.ord. 04/10/2024

ascende a 9.467,25 € e unha antigüidade de máis de 25 anos con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

TERCEIRO.- ACEPTAR a solicitude de subvención para as actividades “Homenaxe ao Gaitero” (programa 2.1) cun orzamento de 4.704,34 € e “Enterro do Castrón” (programa 2.2) cun orzamento de 1.236,00 € e proceder a valoración que permita determinar a cantidade subvencionada.

CUARTO.- CONCEDER unha subvención dentro da liña 2, por importe de 1.044,00 € pola actividade “Homenaxe ao Gaitero” e por importe de 855,50 € pola actividade “Enterro do Castrón” o que fan un **importe total de 1.899,50 €**, conforme a acta da antedita Comisión de valoración, que se achega neste expediente con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao Centro Recreativo Artístico e Cultura de Coruxo. Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(785).- RECTIFICACIÓN DE ERRO EN RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS, E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9893/335.

Visto o informe de fiscalización de data 23/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/08/2024, asinado polo enxeñeiro industrial e vogal da Comisión de Avaliación, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.
2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da



Concello de Vigo

publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 5 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria, acordando a desestimación das seguintes solicitudes:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9761-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Documentación sen subsanar
9849,335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	Documentación sen subsanar
9918-335	CRAC de Coruxo	G36627495	Documentación sen subsanar
9764-335	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Documentación sen subsanar
9853-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Documentación sen subsanar
9875-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Documentación sen subsanar
9876-335	Asoc. S. CDR Helios de Bembrive	G36633428	Documentación sen subsanar
9877-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	Documentación sen subsanar
9881-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Documentación sen subsanar
9893-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Documentación sen subsanar
9910-335	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Documentación sen subsanar
9911-335	Asoc. V.S.C.D. O Freixo	G36654184	Documentación sen subsanar
9916-335	Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma	G36649325	Documentación sen subsanar
9917-335	Lideiras Asoc. Cultural	G67674598	Documentación sen subsanar

5. A xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16/02/24 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, “Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.”

6. Consonte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais na data 01/03/24 remite ao interesado notificación da resolución declarando desistido a súa solicitude á entidade **Unión Veciñal, Cultural e Deportiva de Candean (G36863348)** e informando do prazo para interposición de recurso.

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 123 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano polo que foron dictados.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instructor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Na resolución de data 27/02/24 acordase a desestimación da solicitude ao transcurrir o prazo de 10 días sen ter recibida a subsanación requirida.

Na base segunda da convocatoria das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2022-2023, sinala: “A mesma festa, programa ou actividade soamente poderá presentarse a unha única liña de subvención. Non se admitirán programas que agrupen varias festas ou actividades diferentes”, deste erro a entidade non foi advertida nas notificacións de subsanación, negando a oportunidade de enmendar este erro.

O 22/05/24 procédese ao envío dun requerimento de documentación outorgando un prazo de 3 días hábiles conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109, que permite ás administración rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En relación coas manifestacións efectuadas por parte do recorrente e unha vez revisada novamente a documentación presentada e de acordo co establecido na base oitava remítese á comisión de valoración que se reúne o 27 de maio ás 13:00.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR a documentación presentada pola Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candean (G36863348) contra a resolución do concelleiro delegado de data 27/02/24.

SEGUNDO.- ACEPTAR a solicitude de subvención para as actividades da “Festa de San Xoan” cun orzamento de 2.000,00 € e “Letras Galegas” cun orzamento de 725,00 € dentro do programa 2.1 e “Entroido” cun orzamento de 770,00 € e “Magosto” cun orzamento de 1.025,00 € dentro do programa 2.2.

TERCEIRO.- CONCEDER unha subvención por importe de 2.000,00 € conforme a acta da antedita Comisión de valoración, que se achega neste expediente á Unión Veciñal, Cultural e Deportiva de Candean con cargo a aplicación orzamentaria 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas).

CUARTO.- Notificar a presente resolución á Unión Veciñal, Cultural e Deportiva De Candean. Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(786).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2024. EXPTE. 11707/320.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/09/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Distritos, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 06/02/2024, Dona Carmen García Garrido (DNI: 3600****), en calidade de presidenta da “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (CIF: G36745065), achegou escritos (doc. 240045550 e doc. 240045574), que xunto coas achegas posteriores de data 27/02/2024 doc. 240070360, e de data 18/06/2024 doc. 240179379, solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2024, entre 01/10/2023 ata o 30/09/2024, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social.

S.ord. 04/10/2024

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Carmen García Garrido, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 25/06/2024.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 24/06/2024.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 25/06/2024.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 20/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2023-30/09/2024)	
Alugueiro local Ramón Nieto 77, Comunidade de Propietarios e Lixo	7.000,00 €
Primas Seguro	100,00 €
Gastos de Asesoría	500,00 €
Subministros (luz , auga , teléfono, etc...)	400,00 €
TOTAL	8.000,00 €



Concello de Vigo

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2023-30/09/2024)	
Aportacións socios	2.000,00 €
Subvención Concello de Vigo	6.000,00 €
TOTAL	8.000,00 €

8. Anexo consulta / verificación de datos por parte do Concello.

9. Contrato de alugueiro.

10. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) có nº 469/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 "Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"", cunha dotación orzamentaria de 6.000,00 €.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 20/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

S.ord. 04/10/2024

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (G36745065), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””.

Que a entidade “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, de conformidade có art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.
- ✓ Promover e desenrolar programas de voluntariado social.
- ✓ Promover e desenrolar servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de coidadores/as.
- ✓ Promover e desenrolar proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenrolar actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.



Concello de Vigo

- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Carmen García Garrido, con DNI 3600*****, en calidade de Presidenta da “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (CIF: G36745065), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11707/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime

S.ord. 04/10/2024

xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" cunha dotación orzamentaria de 6.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder



Concello de Vigo

á “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concede.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **11 de outubro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE



Concello de Vigo

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 6.000,00 € (seis mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890014 denominada “*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” (CIF.- G36745065), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 6.000,00 € (seis mil euros).

TERCEIRO. - Registrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.



Concello de Vigo

Doutra parte, D^a Carmen García Garrido, con DNI 3600*****, en calidade de Presidenta da "Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"" (CIF: G36745065), con domicilio social na Rúa Colón, 7 – 2º Oficina 5, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11707/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles

ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a mellora da calidade de vida das persoas maiores do termo municipal, sendo a *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* unha das máis importantes asociacións de xubilados/as e pensionistas de Vigo.

III.- Que a entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.
- ✓ Promover e desenrolar programas de voluntariado social.
- ✓ Promover e desenrolar servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de cuidadores/as.
- ✓ Promover e desenrolar proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenrolar actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.
- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a *"Asociación de de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 469/96.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2023 e 2024, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada *"Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 6.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da cesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e alugueiro da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2023 ata o



Concello de Vigo

30/09/2024, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2023-30/09/2024)	
Alugueiro local Ramón Nieto 77, Comunidade Propietarios e Lixo	7.000,00 €
Primas seguros	100,00 €
Gastos Asesoría	500,00 €
Subministrados (luz, auga, teléfono, etc,...)	400,00 €
TOTAL	8.000,00 €

IX.- Que a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *"Asociación de de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

S.ord. 04/10/2024

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" unha subvención por importe de 6.000,00€ (seis mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2023 ata o 30/09/2024.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **11 de outubro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria

achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e número total de participantes.



Concello de Vigo

5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería Participación Cidadá e Festas, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.



Concello de Vigo

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES93 2080 5130 11 3040009254 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**15(787).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO
ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A
DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 11701/320.**

Visto o informe de fiscalización do 23/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/09/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e



Concello de Vigo

Distritos, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 04/04/2024, Enrique Martínez Casal, con DNI 3606*****, en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), achegou escritos (docs. 240108789, 240108804, 240109091) solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo para difusión da cultura mariñeira, e a continuación, o 11/06/2024 achegou (doc. 240173480) a documentación que restaba en resposta ao requirimento do Concello de Vigo.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D. Enrique Martínez Casal, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 31/05/2024.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/2024
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 31/05/2024.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2023-30/09/2024)	
Mantemento embarcacións	4.100,00 €
Amarres e Mantemento de pantaláns	4.000,00 €
Autorizacións administrativas/impostos	4.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Preparación e participación de encontros tradicionais	1.000,00 €
Primas seguros das embarcacións	400,00 €
TOTAL	16.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2023-30/09/2024)	
Subvención Convenio Concello de Vigo	16.000,00 €
TOTAL	16.000,00 €

8. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", cunha dotación orzamentaria de 16.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.



Concello de Vigo

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 30/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O presente expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”.

Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de*

embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D. Enrique Martínez Casal, con DNI 3606*****, en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11701/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que



Concello de Vigo

figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder á Asociación Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, son de carácter corrente para mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, etc.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos



Concello de Vigo

anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concede.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **11 de outubro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

S.ord. 04/10/2024

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá



Concello de Vigo

interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíñeira, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2024. **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 16.000€ (dezaseis mil euros).

SEGUNDO.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto de **16.000,00 €**, con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024.

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, don Enrique Martínez Casal, con DNI 3606**** en calidade de presidente da "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", CIF nº G36799351 e enderezo social no Travesía Portuaria de Bouzas, 5 na representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expediente 11701/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.
- Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.
- Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.
- Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.
- Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.
- Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.
- Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.
- Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen

directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na bretaña francesa.



Concello de Vigo

Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2024 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

II.- Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos. O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiñeira de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Levar a cabo tarefas de mantemento e reparación das embarcacións tradicionais propiedade do Concello de Vigo.
- Participación en diversas xuntanzas e actividades, tanto culturais como deportivas, organizadas por diferentes organismos e entidades coa finalidade de dar divulgación á cultura mariñeira.
- Actividades de navegación tradicional.
- Participación en concentracións de embarcacións tradicionais.
- Participación no Día do Medio Ambiente, colaborando coa limpeza do fondo mariño.
- Concurso Infantil de Pesca no pantalán da Asociación.
- Concurso de Pesca dende embarcación en modalidade libre.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíñeira, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

VI.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 490/96.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890013, denominada, “Convenio Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 16.000 €.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2023 ata o 30/09/2024, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2023-30/09/2024)	
Mantemento embarcacións	4.100,00 €
Amarre e Mantemento pantaláns	4.000,00 €
Autorizacións administrativas/impostos	4.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Preparación e participación en encontros tradicionais	1.000,00 €
Prima de seguros das embarcacións	400,00 €
TOTAL	16.000,00 €

IX.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....



Concello de Vigo

2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíñeira "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna "Tope").
6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
11. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.

S.ord. 04/10/2024

2. Ceder o dereito de uso das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.

3. Autorizar á Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas para que poidan realizar as actuacións contempladas no apartado 3 do pacto Primeiro.

4. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.



Concello de Vigo

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Participación Cidadá e Distritos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Noveno.- A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **11 de outubro de 2024**, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios

electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Unha memoria final do programa de actividades, asinada electrónicamente, obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

d) Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electrónicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

e) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos



Concello de Vigo

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando de inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o de pagamento

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 5016 04 3040017025.

Décimo segundo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo terceiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá dependente da Concellería de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

16(788).- PROPOSTA PARA APROBAR O XI PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 12173/307.

Visto o informe xurídico de data 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/09/2024, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por delegación do alcalde de 28/06/2024 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias a de “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 26 de setembro de 2024, inicia expediente para desenvolver o XI programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e someter a aprobación da Xunta de Goberno Local tanto o programa como as súas bases.



Concello de Vigo

O obxectivo principal desta actuación é acometer un conxunto de accións impulsadas dende Concello cara a mellorar a imaxe urbana da cidade e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribúa ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do UNDÉCIMO programa é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a execución do programa desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

O propósito da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o postgraffiti, o pop surrealista, o cómic...

Nesta edición, continuadora das anteriores, desenvolveranse entre tres e dez actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento técnico, cursará as invitacións aos artistas seleccionados que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017,

de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O orzamento estimado para o desenvolvemento do programa é de 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2025.

O prazo de execución da actuación de arrombamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena prevense causas específicas de resolución do contrato.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa e, en canto a súa execución, estarase ó disposto na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrombamento da escena urbá por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado (artigo 2.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións), senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1º.- APROBAR O UNDÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

2º.- APROBAR AS BASES QUE REXERÁN O UNDÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, que son as que se transcriben de seguido:



Concello de Vigo

XI PROGRAMA para arrombar con carácter provisional medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana

INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbana da cidade durante o ano 2015 desenvolveuse o primeiro Programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo prevían as bases reitoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional. Ademais o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

Dende o ano 2016 iniciouse unha liña de traballo de expresión artística aberto e plural, entendendo a cidade coma un lugar de disfrute e aberto á expresión artística, ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións efímeras. Coas intervencións do ano 2024 son xa máis de 100 as intervencións en espazos, entre medianeiras e muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboración dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grao de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

O programa correspondente á XI edición rexeráse polas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do undécimo programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos é:

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de alifación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística ou a propiedade decide derrubala en exercicio dos seus dereitos.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública ou privada co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.

S.ord. 04/10/2024

- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic.

Debe considerarse sempre o carácter provisional da intervención pola propia definición de “medianeira” en relación coas previsións que o planeamento urbanístico abrangue para a parede a decorar, polo que poidera ser “tapada” a través de edificación, vexetación, incluso ser derrubada segundo calificación urbanística ou previsións da normas urbanísticas ou da ordenación do territorio.

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste undécimo programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre tres e dez actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan; para a salvagarda do interese público, non será causa de modificación do contrato o cambio de espazo ou artista seleccionados ao longo do desenvolvemento do programa (incluso durante a tramitación do procedemento de contratación das obras) nas seguintes circunstancias:

- 1.- Que non implique alteración nas previsións económicas iniciais.
- 2.- Que non se trate dunha modificación substancial.

Nestes supostos deberase aportar ao expediente únicamente, e segundo o caso, o consentimento expreso do/a artista que renuncia, ou desistimento expreso da propiedade que renuncia e a aceptación expresa da propiedade do novo espazo seleccionado.

A comisión de selección será quen de decidir o novo artista ou o novo espazo.

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes.

- As bases aprobadas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia; unha vez publicadas, mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que a pro-



Concello de Vigo

piedade dos espazos, asociacións veciñais, culturais, sociais e, en xeral, calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

- Cando as propostas veñan subscritas pola propiedade dos inmobles deberán xuntar autorización da comunidade da propiedade que se inclúe como ANEXO I.

- A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa supón o compromiso por parte desta de manter a obra artística polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos, sen que a propiedade poida iniciar accións destinadas á desaparición da mesma, agás as circunstancias reflectidas na base segunda.

-Durante o mesmo prazo de 15 días as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase, en principio, ao espazo a tratar do propio centro educativo.

- Os/as artistas, ou grupos de artistas, relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

- As propostas irán dirixidas á concellería de Patrimonio Histórico a través da dirección de correo electrónico ofi.ph@vigo.org

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes.

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudo da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar de acordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade.
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

- A comisión será nomeada pola concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

- O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.

- A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

- Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención.

- As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun rexistro para, no seu caso, vindeiras edicións.

1.2.2 Selección de artistas

Os/as artistas seleccionaranse por invitación, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na concellería de Patrimonio Histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso VI Batalla Mural celebrado no marco da X edición do programa de medianeiras, segundo as bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistira na participación como artista na seguinte edición do programa de medianeiras).

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica propondrá á concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, agás excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola concellería o carácter do bosquejo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas.

Aínda que a temática será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade, considerando sempre a normativa urbanística de aplicación, polo que as cores a em-



Concello de Vigo

pregar serán as autorizadas no planeamento correspondente ou segundo estudo de cores predominante nestas zonas.

- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

En relación coas propostas dos colexios e institutos:

A dirección do colexio ou instituto elixirá os cursos para que os alumnos realicen un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro educativo.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos efémeros dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación, **da que formarán parte estas bases reguladoras.**

O programa para intervir provisionalmente baixo as condicións urbanísticas os espazos, sexan muros ou medianeiras incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración sen que se poida estender á reparación dos muros ou medianeiras danados.

O/a autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública e nas debidas condicións de seguridade, e no prazo que sinale a concellería.

A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poidan causar a persoas ou bens.

QUINTA. - DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no texto refundido da propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación. En ningún caso o Concello de Vigo esixirá nin obterá contraprestación económica no caso de uso propio ou cesión dos ditos dereitos a terceiros.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello.

S.ord. 04/10/2024

De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste programa.

En todo caso debe considerarse o carácter temporal das pinturas segundo normativa urbanística de aplicación de forma que, cando se constrúa ou derrube a edificación que soporta a pintura, non haberá lugar a indemnización algunha ao/á autor da mesma.

SEXTA. - DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos

A propiedade, asociacións veciñais, culturais, sociais, sociedades e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

Os artistas seleccionados deberán achegar, a requerimento do Concello de Vigo, toda a documentación necesaria para formalizar un contrato coa administración pública.

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquejo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquejo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.
- Presentar ao Concello de Vigo toda a documentación requerida por este para a formalización do contrato en tempo e forma.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DOS ELEMENTOS A DECORAR



Concello de Vigo

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos.

Sétima.3 DA ADXUDICATARIA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A cantidade destinada a este XI programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos estímase en 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2025.

NOVENA.- HONORARIOS DOS ARTISTAS

Os honorarios dos/as artistas virán determinados pola concellería de Patrimonio Histórico segundo a lexislación contractual, atendendo ás seguintes variables: a) a tipoloxía do espazo (muros ou medianeiras), b) a superficie total do espazo e c) a proxección/valoración do/a artista no mercado da arte.

DÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes. A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo Concello para este evento.
- b. A alteración das obras doutros participantes.
- c. O plaxio das obras doutros artistas.
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquexo ou proxecto orixinal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación no programa supón a aceptación de todas as bases e estas formarán parte dos contratos que se deriven do mesmo. As actuacións serán gravadas e/ou fotografadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito
en
con DNI/pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de
notificacións (no caso
de representación da comunidade da propiedade, acompañarase **copia do nomeamento**)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do *XI PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, a parede/medianeira da súa propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da propiedade de data, do que se achega un exemplar. Ademais, a propiedade do inmovible sinalado **ACEPTA** o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que ostente a súa representación, quen exercerá as accións oportunas.

O que asino en Vigo, o de de 20...

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....



Concello de Vigo

actuando na súa representación,
don/dona.....
(especificar o cargo),
con DNI/pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións

solicito participación do citado centro no *XI PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.*

En Vigo, o de de 20.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dna.....

con DNI....., en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

.

.

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no *XI PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana,* con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida

derivarse e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, ode de 20.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

17(789).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3601/341.

Visto o informe xurídico do 18/09/2024 e o informe de fiscalización do 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2024, asinado polo xefe de Museos Municipais, o concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP),



Concello de Vigo

coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 5 de marzo de 2024.

- Memoria económica de data 14 de agosto de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 1 de xullo de 2024 (operación nº 112024000117739 RC_FUT).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 23 de agosto de 2024 asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas de data 23 de agosto de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais.
- Memoria xustificativa de data 23 de agosto de 2024, asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (o segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes por resolución de delegación competencias por ausencia da titular do 07/08/2024).
- Informe, de data 29 de agosto de 2024, da técnica de Administración Xeral (PD xefa da área de Contratación e Novos Proxectos _delegación de 19:08.2024) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 17 de setembro de 2024, redactado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, coa corrección de erros segundo dilixencia do Servizo de Contratación á vista do comentario da Intervención Xeral do 10 de setembro de 2024, pola que corrixen os apartados 6B3 e 7B1 do PCAP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou, con data 5 de marzo de 2024, o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Museos Municipais, conformada polo concelleiro-delegado

de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 1 de xullo de 2024 (operación nº 112024000117739 RC_FUT).

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 23 de agosto de 2024, redactado polo xefe do servizo de Museos Municipais.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 17 de setembro de 2024, redactado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **1.047.503,24 € (865.705,16 € máis 181.798,08 € correspondentes ao ive a soportar pola administración)**, con cargo á aplicación presupostaria 3330.227.99.05 "Servizos de Atención ao Público" e as seguintes anualidades:

2025 (12 meses: xaneiro-decembro)	2026 (12 meses: xaneiro-decembro)
523.751,62 €	523.751,62 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(790).- RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” EXERCICIO 2024. EXPTE. 5519/330.

Visto o informe de fiscalización de data 01/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado pola letrada-xefa de Asesoramento, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O día 5 de agosto de 2024 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu:

“Con data 17 de abril do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva, exercicio 2024

Con data 31 de maio do 2024 a Xunta de Goberno Local aproba as bases reguladoras, convocatoria e extracto das ditas subvencións. A cantidade destinada a esta convocatoria ascende a 500.000 € con cargo a partida 3331.470.00.02 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

O día 11 de xuño do 2024 publicáronse no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións, estipulándose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles, que comezou ao día hábil seguinte da publicación do extracto no BOPPO (11 de xuño do 2024); por tanto o cómputo do prazo iniciouse o día 12 de xuño do 2024 e rematou o día 9 de xullo do 2024, ámbos os dous incluídos.

Durante o dito prazo presentáronse as seguintes solicitudes para as actividades que se detallan no seguinte cadro:

EXPEDIEN-TE NÚM.	SOLICITANTE-NIF	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO
5638/330	ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE EXITO S.L. B-27719434	CAMELA 18-11-2023	20.140,90 €
		LA TRAVIATA 03-12-2023	16.683,52 €
		CIMAS Y VAQUERO 09-12-2023	11.844,91 €
		SUPERTHINGS 10-12-2023	4.746,30 €
		BALLET EL CASCANUECES 17-12-2023	9.972,94 €
		MÚSICA DE CINE (JOHN WILLIAMS & HANS ZIMMER 26-12-2023	8.989,57 €
		PICA, PICA 03-01-2024	9.257,95 €
		FILLAS DE CASSANDRA 16-02-2024	11.827,67 €
		XABIER DIAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE 09-03-2024	8.601,53 €



Concello de Vigo

		ÓPERA OTELLO 10-03-2024	9.644,80 €
		CANTAJUEGO 14-04-2024	16.285,38 €
		LUIS ZAHERA E OSWALDO DIGON 19-07-2024	8.000,00 €
		JOSE JAMES 20.07.2024	9.000,00 €
		CARLOS TARQUE E A ASOCIACION DO RIF 21-07-2024	14.000,00 €
		LOS ESTANQUES 26/07/2024	10.000,00 €
		ZIGGY ALBERTS 27/07/2024	16.000,00 €
		LOS SECRETOS Y PANCHO VARONA 24/08/2024	17.500,00 €
		NIÑA POLACA 30/08/2024	7.500,00 €
		TOTAL SOLICITADO OIDE	209.995,47 €
5637/330	CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L B-36998078	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 23.12.23	25.845,85 €
		GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 24.12.23	18.041,40 €
		JOHANN STRAUSS CONCIERTO AÑO NUEVO 07.01.2024	14.983,76 €
		EL LAGO DE LOS CISNES 12.01.2024	16.559,00 €
		JOHN WILLIAMS & HARRY POTTER 21.01.2024	10.835,29 €
		LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 01.03.2024	5.639,65 €
		LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 02.03.2024	10.002,21 €
		COQUE MALLA 08.03.2024	20.736,08 €
		THE RAPANTS 11.05.2024	7.767,79 €
		MOCEDADES Y LOS PANCHOS 26.05.2024	18.396,35 €
		ANGEL STANICH 31.05.2024	10.520,07 €
		NIÑO DE ELCHE 08.06.2024	9.251,71 €
		CHRISTINA ROSENVINGE 14.06.2024	13.015,15 €
		THE JAYHAWKS 15.06.2024	20.196,40 €
		REBELIOM DO INFRAMUNDO 21.06.2024	6.314,69 €
		TOTAL SOLICITADO ARDILIA	208.105,40 €
5639/330	GALIFORNIA EVENTOS S.L. B-27773324	EL SEPTETO SANTIAGUERO 23-08-2024	11.000,00 €
		THE TALEST MAN ON EARTH 7-10-2024	14.000,00 €
		COCO, EL MUSICAL 20-10-2024	7.000,00 €
		CHICAGO LIFE, EL MUSICAL 20-10- 2024	8.000,00 €
		BIG STAR- RADIO CITY 24-10-2024	15.000,00 €
		POST MODERN JUKE BOX 25-10-2024	19.000,00 €
		SALTE CON NOSOTROS 18.10.2024	25.000,00 €
		TOTAL SOLICITADO GALIFORNIA	99.000,00 €

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas levouse a cabo, segundo o estipulado na base décimo primeira, polo servizo da Área de Cultura, a través desta xefatura, que unha vez revisadas as solicitudes notificou á entidades interesados/as para que, nun prazo de 10 días hábiles, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, e de conformidade co establecido no art. 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG), conséntase que da información presentada todos os solicitantes cumpren cos requisitos para ser beneficiarios da subvención.

Conforme a cláusula décimo primeira, apartado 4, das bases da convocatoria, con data 1 de agosto de 2024 reúnese a Comisión de Avaliación levantado a acta que se inclúe no expediente.

Segundo consta na citada acta, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas e admitidas, segundo os criterios estipulados na base novena da convocatoria, obtívose o seguinte resultado:

SOLICITANTE-NIF	ACTIVIDADE	VIABILIDADE ECONÓMICA E FINACIEIRA ATA 15 PUN- TOS	TRAXECTO- RIA DA ENTIDA- DE ATA 25 PUN- TOS	VOLUME DE GAS- TOS ATA 40 PUNTOS	PREZO DA ENTRADA ATA 20 PUNTOS	TOTAL PUNTOS/ ACTIV
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE EXITO S.L. B-27719434	CAMELA 18-11-2023	5	25	40	5	75
	LA TRAVIATA 03-12- 2023	5	25	40	5	75
	CIMAS Y VAQUERO 09-12-2023	5	25	30	7	67
	SUPERTHINGS 10-12- 2023	5	25	15	7	52
	BALLET EL CASCA- NUECES 17-12-2023	5	25	25	5	60
	MÚSICA DE CINE (JOHN WILLIAMS & HANS ZIMMER 26-12-2023	5	25	25	5	60
	PICA, PICA 03-01-2024	5	25	25	10	65
	FILLAS DE CASSAN- DRA 16-02-2024	5	25	30	10	70
	XABIER DIAZ & ADU- FEIRAS DE SALITRE 09-03-2024	5	25	25	10	65
	ÓPERA OTELLO 10- 03-2024	5	25	25	5	60



Concello de Vigo

	CANTAJUEGO 14-04-2024	5	25	40	7	77
	LUIS ZAHERA E OSWALDO DIGON 19-07-2024	5	25	25	7	62
	JOSE JAMES 20.07.2024	5	25	25	7	62
	CARLOS TARQUE E A ASOCIACION DO RIF 21-07-2024	5	25	30	7	67
	LOS ESTANQUES 26/07/2024	5	25	25	10	65
	ZIGGY ALBERTS 27/07/2024	5	25	40	7	77
	LOS SECRETOS Y PANCHO VARONA 24/08/2024	5	25	40	5	75
	NIÑA POLACA 30/08/2024	5	25	15	7	52
		90	450	520	126	1186
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L B-36998078	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 23.12.23	5	25	40	5	75
	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 24.12.23	5	25	40	5	75
	JOHANN STRAUSS CONCIERTO AÑO NUEVO 07.01.2024	5	25	30	5	65
	EL LAGO DE LOS CISNES 12.01.2024	5	25	40	5	75
	JOHN WILLIAMS & HARRY POTTER 21.01.2024	5	25	30	5	65
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 01.03.2024	5	25	15	5	50
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 02.03.2024	5	25	30	5	65
	COQUE MALLA 08.03.2024	5	25	40	5	75
	THE RAPANTS 11.05.2024	5	25	25	10	65
	MOCEDADES Y LOS PANCHOS 26.05.2024	5	25	40	5	75
	ANGEL STANICH 31.05.2024	5	25	30	7	67

	NIÑO DE ELCHE 08.06.2024	5	25	25	7	62
	CHRISTINA ROSEN- VINGE 14.06.2024	5	25	30	7	67
	THE JAYHAWKS 15.06.2024	5	25	40	5	75
	REBELIOM DO INFRA- MUNDO 21.06.2024	5	25	15	10	55
		75	375	470	91	1011
GALIFORNIA EVEN- TOS S.L. B-27773324	EL SEPTETO SANTIA- GUERO 23-08-2024	5	20	30	10	65
	THE TALEST MAN ON EARTH 7-10-2024	5	20	30	5	60
	COCO, EL MUSICAL 20-10-2024	5	20	15	10	50
	CHICAGO LIFE, EL MUSICAL 20-10-2024	5	20	25	7	57
	BIG STAR- RADIO CITY 24-10-2024	5	20	30	5	60
	POST MODERN JUKE BOX 25-10-2024	5	20	40	5	70
	SALTE CON NOSO- TROS 18.10.2024	5	20	40	5	70
		35	140	210	47	432
					TOTAL PUNTOS	2629

A proposta da concesión da subvención axústase as condicións de exención en materia de axudas á cultura establecidas polo Regulamento 651/2014, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación do artigo 107 e 108 do Tratado da Unión Europea (artigo 53).

Tal e como se recolle na base décimo terceira da convocatoria, establece-se como prazo límite para a xustificación o 11 de novembro do 2024.

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que a teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 (BOP núm. 124 do 28 de xuño).

Segundo o estipulado na base décimo primeira, apartado 6, da convocatoria:

“Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o Xefe do servizo formulará proposta de resolución provisional, que será notificada aos interesados para os que se propoña unha subvención de importe superior a 30.000 €; requiríndoos para que no prazo de 10 días acrediten, nos termos do art.13.3.bis da LXS, o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais”



Concello de Vigo

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base undécima, apartado 6, das bases, coa conformidade dos concelleiro-delegados de Cultura e concelleira-delegada da Area de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, se emite a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a concesión das subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxectos que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación de data 1 de agosto de 2024, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes das ditas axudas que ascenden á cantidade total de **440.668,90 € (catrocentos corenta mil seiscentos sesenta e oito euros con noventa céntimos)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

SOLICITANTE-NIF	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS / ACTIV	IMPORTE DE CONCESIÓN SEGUN PUNTUACIONES (1PUNTO=190,18)	IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% GASTOS	IMPOR- TES DEFINITIVOS DE CONCESIÓN MÁXIMO 200.000 EUROS
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE EXITO S.L. B-27719434	CAMELA 18-11-2023	20.140,90 €	40.281,80 €	20.140,90 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	LA TRAVIATA 03-12-2023	16.683,52 €	33.367,04 €	16.683,52 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	CIMAS Y VAQUERO 09-12-2023	11.844,91 €	23.689,82 €	11.844,91 €	67	12.742,06 €	11.844,91 €	11.844,91 €
	SUPERTHINGS 10-12-2023	4.746,30 €	9.492,59 €	4.746,30 €	52	9.889,36 €	4.746,30 €	4.746,30 €
	BALLET EL CASCANUECES 17-12-2023	9.972,94 €	19.945,87 €	9.972,94 €	60	11.410,80 €	9.972,94 €	9.972,94 €
	MÚSICA DE CINE (JOHN WILLIAMS & HANS ZIMMER 26-12-2023	8.989,57 €	17.979,13 €	8.989,57 €	60	11.410,80 €	8.989,57 €	8.989,57 €
	PICA, PICA 03-01-2024	9.257,95 €	18.515,90 €	9.257,95 €	65	12.361,70 €	9.257,95 €	9.257,95 €
	FILLAS DE CASSANDRA 16-02-2024	11.827,67 €	23.655,33 €	11.827,67 €	70	13.312,60 €	11.827,67 €	11.827,67 €
	XABIER DIAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE 09-03-2024	8.601,53 €	17.203,05 €	8.601,53 €	65	12.361,70 €	8.601,53 €	8.601,53 €
	ÓPERA OTELLO 10-03-2024	9.644,80 €	19.289,60 €	9.644,80 €	60	11.410,80 €	9.644,80 €	9.644,80 €
	CANTAJUEGO 14-04-2024	16.285,38 €	32.570,75 €	16.285,38 €	77	14.643,86 €	14.643,86 €	14.643,86 €

	LUIS ZAHERA E OSWALDO DIGON 19-07-2024	8.000,00 €	16.000,00 €	8.000,00 €	62	11.791,16 €	8.000,00 €	8.000,00 €
	JOSE JAMES 20.07.2024	9.000,00 €	18.000,00 €	9.000,00 €	62	11.791,16 €	9.000,00 €	9.000,00 €
	CARLOS TARQUE E A ASOCIACION DO RIF 21-07-2024	14.000,00 €	28.000,00 €	14.000,00 €	67	12.742,06 €	12.742,06 €	12.742,06 €
	LOS ESTANQUES 26/07/2024	10.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	65	12.361,70 €	10.000,00 €	10.000,00 €
	ZIGGY ALBERTS 27/07/2024	16.000,00 €	32.000,00 €	16.000,00 €	77	14.643,86 €	14.643,86 €	14.643,86 €
	LOS SECRETOS Y PANCHO VARONA 24/08/2024	17.500,00 €	35.000,00 €	17.500,00 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	NIÑA POLACA 30/08/2024	7.500,00 €	15.000,00 €	7.500,00 €	52	9.889,36 €	7.500,00 €	7.500,00 €
		209.995,47 €	419.990,88 €	209.995,44 €	1186	225.553,48 €	194.205,93 €	194.205,93 €
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L B-36998078	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 23.12.23	25.845,85 €	51.691,70 €	25.845,85 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 24.12.23	18.041,40 €	36.082,80 €	18.041,40 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	JOHANN STRAUSS CONCIERTO AÑO NUEVO 07.01.2024	14.983,76 €	29.967,53 €	14.983,77 €	65	12.361,70 €	12.361,70 €	12.361,70 €
	EL LAGO DE LOS CISNES 12.01.2024	16.559,00 €	33.118,00 €	16.559,00 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	JOHN WILLIAMS & HARRY POTTER 21.01.2024	10.835,29 €	21.670,58 €	10.835,29 €	65	12.361,70 €	10.835,29 €	10.835,29 €
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 01.03.2024	5.639,65 €	11.279,30 €	5.639,65 €	50	9.509,00 €	5.639,65 €	5.639,65 €
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 02.03.2024	10.002,21 €	20.004,40 €	10.002,20 €	65	12.361,70 €	10.002,20 €	10.002,20 €
	COQUE MALLA 08.03.2024	20.736,08 €	41.472,17 €	20.736,09 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	THE RAPANTS 11.05.2024	7.767,79 €	15.535,58 €	7.767,79 €	65	12.361,70 €	7.767,79 €	7.767,79 €
	MOCEDADES Y LOS PANCHOS 26.05.2024	18.396,35 €	36.792,71 €	18.396,36 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	ANGEL STANICH 31.05.2024	10.520,07 €	21.040,15 €	10.520,08 €	67	12.742,06 €	10.520,08 €	10.520,08 €
	NIÑO DE ELCHE 08.06.2024	9.251,71 €	18.503,43 €	9.251,72 €	62	11.791,16 €	9.251,72 €	9.251,72 €



Concello de Vigo

	CHRISTINA RO- SENVINGE 14.06.2024	13.015,15 €	26.030,30 €	13.015,15 €	67	12.742,06 €	12.742,06 €	12.742,06 €
	THE JAYHAWKS 15.06.2024	20.196,40 €	40.392,81 €	20.196,41 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	REBELIOM DO INFRAMUNDO 21.06.2024	6.314,69 €	12.629,39 €	6.314,70 €	55	10.459,90 €	6.314,70 €	6.314,70 €
		208.105,40 €	416.210,8 5 €	208.105,43 €	1011	192.271,98 €	171.016,18 €	171.016,18 €
GALIFORNIA EVENTOS S.L. B-27773324	EL SEPTETO SANTIAGUERO 23-08-2024	11.000,00 €	22.000,00 €	11.000,00 €	65	12.361,70 €	11.000,00 €	11.000,00 €
	THE TALEST MAN ON EARTH 7-10- 2024	14.000,00 €	28.000,00 €	14.000,00 €	60	11.410,80 €	11.410,80 €	11.410,80 €
	COCO, EL MUSI- CAL 20-10-2024	7.000,00 €	14.000,00 €	7.000,00 €	50	9.509,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €
	CHICAGO LIFE, EL MUSICAL 20- 10-2024	8.000,00 €	16.000,00 €	8.000,00 €	57	10.840,26 €	8.000,00 €	8.000,00 €
	BIG STAR- RADIO CITY 24-10-2024	15.000,00 €	30.000,00 €	15.000,00 €	60	11.410,80 €	11.410,80 €	11.410,80 €
	POST MODERN JUKE BOX 25-10- 2024	19.000,00 €	38.000,00 €	19.000,00 €	70	13.312,60 €	13.312,60 €	13.312,60 €
	SALTE CON NO- SOTROS 18.10.2024	25.000,00 €	50.000,00 €	25.000,00 €	70	13.312,60 €	13.312,60 €	13.312,60 €
		99.000,00 €	198.000,0 0 €	99.000,00 €	432	82.157,76 €	75.446,80 €	75.446,80 €
					2629	499.983,22 €	440.668,90 €	440.668,90 €

SEGUNDO- Consonte ao previsto na base décimo primeira, apartado 6, da convocatoria, notificar a presente proposta de resolución provisional aos interesados, requiríndoos para que no prazo de 10 días acrediten, nos termos do art.13.3.bis da LXS, o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

II. A dita resolución notificouse ás entidades interesadas para que no prazo de dez días acreditasen nos termos do artigo 13.3.bis da LXS o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

- A entidade “Organización de Ideas de Exito S.L.” achega o día 27.08.2024 á sede electrónica do Concello de Vigo (doc. 240244118), declaración responsable asinada dixitalmente polo representante legal de cada entidade de que as respectivas entidades se encontran dentro dos supostos que lle permiten presentar conta de perdas e ganancias

abreviada e cumpren cos prazos de pago previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- A entidade “Centro Global Ardilia S.L “ achega o 27.08.2024 á sede electrónica do Concello de Vigo (doc. 240246269) a antedita declaración responsable asinada dixitalmente.
- A entidade “Galifornia Eventos S.L.” (acuse de recibo do 13.08.2024) achega o día 27.08.2024 e 09.09.2024 (docs. 240245278 e 240272018) a antedita declaración responsable.

En consecuencia, enténdese debidamente acreditado nos termos do artigo 13.3.bis da LXS o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

III. A proposta da concesión da subvención axústase as condicións de exención en materia de axudas á cultura establecidas polo Regulamento 651/2014, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación do artigo 107 e 108 do Tratado da Unión Europea (artigo 53).

Tal e como se recolle na base décimo terceira da convocatoria, establece-se como prazo límite para a xustificación o 11 de novembro do 2024.

Conforme ao artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que a teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local.

Con carácter previo a súa aprobación deberá emitirse informe de fiscalización pola Intervención Municipal segundo o art. Intervención Xeral do Concello antes da aprobación pola Xunta de Goberno, de conformidade co art. 214 do TRLFL.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base undécima, apartado 7, emte-se a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA**, coa conformidade xurídica da letrada-xefa de asesoramento:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a concesión das subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxectos que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación de data 1 de agosto de 2024, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes das ditas axudas que ascenden á cantidade total de **440.668,90 € (catrocentos corenta mil seiscentos sesenta e oito euros con noventa céntimos)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.



Concello de Vigo

SOLICITANTE-NIF	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS /ACTIV	IMPORTE DE CONCESION SEGUN PUNTUACIONES (1PUNTO=190,18)	IMPORTE DE CONCESSION EXCESO SOBRE EL 50% GASTOS	IMPORTE DEFINITIVOS DE CONCESSION MÁXIMO 200.000 EUROS
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE EXITO S.L. B-27719434	CAMELA 18-11-2023	20.140,90 €	40.281,80 €	20.140,90 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	LA TRAVIATA 03-12-2023	16.683,52 €	33.367,04 €	16.683,52 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	CIMAS Y VAQUERO 09-12-2023	11.844,91 €	23.689,82 €	11.844,91 €	67	12.742,06 €	11.844,91 €	11.844,91 €
	SUPERTHINGS 10-12-2023	4.746,30 €	9.492,59 €	4.746,30 €	52	9.889,36 €	4.746,30 €	4.746,30 €
	BALLET EL CASCANUECES 17-12-2023	9.972,94 €	19.945,87 €	9.972,94 €	60	11.410,80 €	9.972,94 €	9.972,94 €
	MÚSICA DE CINE (JOHN WILLIAMS & HANS ZIMMER 26-12-2023	8.989,57 €	17.979,13 €	8.989,57 €	60	11.410,80 €	8.989,57 €	8.989,57 €
	PICA, PICA 03-01-2024	9.257,95 €	18.515,90 €	9.257,95 €	65	12.361,70 €	9.257,95 €	9.257,95 €
	FILLAS DE CASSANDRA 16-02-2024	11.827,67 €	23.655,33 €	11.827,67 €	70	13.312,60 €	11.827,67 €	11.827,67 €
	XABIER DIAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE 09-03-2024	8.601,53 €	17.203,05 €	8.601,53 €	65	12.361,70 €	8.601,53 €	8.601,53 €
	ÓPERA OTELLO 10-03-2024	9.644,80 €	19.289,60 €	9.644,80 €	60	11.410,80 €	9.644,80 €	9.644,80 €
	CANTAJUEGO 14-04-2024	16.285,38 €	32.570,75 €	16.285,38 €	77	14.643,86 €	14.643,86 €	14.643,86 €
	LUIS ZAHERA E OSWALDO DIGON 19-07-2024	8.000,00 €	16.000,00 €	8.000,00 €	62	11.791,16 €	8.000,00 €	8.000,00 €
	JOSE JAMES 20.07.2024	9.000,00 €	18.000,00 €	9.000,00 €	62	11.791,16 €	9.000,00 €	9.000,00 €
	CARLOS TARQUE E A ASOCIACION DO RIF 21-07-2024	14.000,00 €	28.000,00 €	14.000,00 €	67	12.742,06 €	12.742,06 €	12.742,06 €
	LOS ESTANQUES 26/07/2024	10.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	65	12.361,70 €	10.000,00 €	10.000,00 €
	ZIGGY ALBERTS 27/07/2024	16.000,00 €	32.000,00 €	16.000,00 €	77	14.643,86 €	14.643,86 €	14.643,86 €
	LOS SECRETOS Y PANCHO VARONA 24/08/2024	17.500,00 €	35.000,00 €	17.500,00 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	NIÑA POLACA 30/08/2024	7.500,00 €	15.000,00 €	7.500,00 €	52	9.889,36 €	7.500,00 €	7.500,00 €
		209.995,47 €	419.990,88 €	209.995,44 €	1186	225.553,48 €	194.205,93 €	194.205,93 €
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L B-36998078	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 23.12.23	25.845,85 €	51.691,70 €	25.845,85 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €

	GRAN CIRCO ACROBÁTICO CHINO 24.12.23	18.041,40 €	36.082,80 €	18.041,40 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	JOHANN STRAUSS CONCIERTO AÑO NUEVO 07.01.2024	14.983,76 €	29.967,53 €	14.983,77 €	65	12.361,70 €	12.361,70 €	12.361,70 €
	EL LAGO DE LOS CISNES 12.01.2024	16.559,00 €	33.118,00 €	16.559,00 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	JOHN WILLIAMS & HARRY POTTER 21.01.2024	10.835,29 €	21.670,58 €	10.835,29 €	65	12.361,70 €	10.835,29 €	10.835,29 €
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 01.03.2024	5.639,65 €	11.279,30 €	5.639,65 €	50	9.509,00 €	5.639,65 €	5.639,65 €
	LA MOVIDA. EL MUSICAL DE LOS 80 02.03.2024	10.002,21 €	20.004,40 €	10.002,20 €	65	12.361,70 €	10.002,20 €	10.002,20 €
	COQUE MALLA 08.03.2024	20.736,08 €	41.472,17 €	20.736,09 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	THE RAPANTS 11.05.2024	7.767,79 €	15.535,58 €	7.767,79 €	65	12.361,70 €	7.767,79 €	7.767,79 €
	MOCEDADES Y LOS PANCHOS 26.05.2024	18.396,35 €	36.792,71 €	18.396,36 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	ANGEL STANICH 31.05.2024	10.520,07 €	21.040,15 €	10.520,08 €	67	12.742,06 €	10.520,08 €	10.520,08 €
	NIÑO DE ELCHE 08.06.2024	9.251,71 €	18.503,43 €	9.251,72 €	62	11.791,16 €	9.251,72 €	9.251,72 €
	CHRISTINA ROSENVINGE 14.06.2024	13.015,15 €	26.030,30 €	13.015,15 €	67	12.742,06 €	12.742,06 €	12.742,06 €
	THE JAYHAWKS 15.06.2024	20.196,40 €	40.392,81 €	20.196,41 €	75	14.263,50 €	14.263,50 €	14.263,50 €
	REBELIOM DO INFRAMUNDO 21.06.2024	6.314,69 €	12.629,39 €	6.314,70 €	55	10.459,90 €	6.314,70 €	6.314,70 €
		208.105,40 €	416.210,85 €	208.105,43 €	1011	192.271,98 €	171.016,18 €	171.016,18 €
GALIFORNIA EVENTOS S.L. B-27773324	EL SEPTETO SANTIAGUERO 23-08-2024	11.000,00 €	22.000,00 €	11.000,00 €	65	12.361,70 €	11.000,00 €	11.000,00 €
	THE TALEST MAN ON EARTH 7-10-2024	14.000,00 €	28.000,00 €	14.000,00 €	60	11.410,80 €	11.410,80 €	11.410,80 €
	COCO, EL MUSICAL 20-10-2024	7.000,00 €	14.000,00 €	7.000,00 €	50	9.509,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €
	CHICAGO LIFE, EL MUSICAL 20-10-2024	8.000,00 €	16.000,00 €	8.000,00 €	57	10.840,26 €	8.000,00 €	8.000,00 €
	BIG STAR- RADIO CITY 24-10-2024	15.000,00 €	30.000,00 €	15.000,00 €	60	11.410,80 €	11.410,80 €	11.410,80 €
	POST MODERN JUKE BOX 25-10-2024	19.000,00 €	38.000,00 €	19.000,00 €	70	13.312,60 €	13.312,60 €	13.312,60 €
	SALTE CON NOSOTROS 18.10.2024	25.000,00 €	50.000,00 €	25.000,00 €	70	13.312,60 €	13.312,60 €	13.312,60 €
		99.000,00 €	198.000,00 €	99.000,00 €	432	82.157,76 €	75.446,80 €	75.446,80 €
					2629	499.983,22 €	440.668,90 €	440.668,90 €



Concello de Vigo

SEGUNDO-Consonte o previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar este acordo no portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ás entidades interesadas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(791).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA SILVANA”- PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1445/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/09/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área e Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 14.08.2024 acordou:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto de **Renovación da rede de saneamento na Rúa Silvana**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material (sen IVE) de DOUSCENTOS SETENTA E TRES MIL DOCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (273.012,67 EUROS), e orzamento base de licitación (sen IVE) de TRESCENTOS VINTE E CATRO MIL OITOCENTOS

S.ord. 04/10/2024

OITENTA E CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (324.885,08 EUROS) o proxecto dispón de sinatura dixital de data 04/07/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Renovación da rede de saneamento na Rúa Silvana** , por un importe de 13.636,97 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	5.460,25 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	5.460,25 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Carballeira Martín (Cíes Atlántico SLU)	1.365,06 €
	SUMA	12.285,56 €
	11% Gastos de Xestión	1.351,41 €
	TOTAL (IVE excluído)	13.636,97 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D^a Juan Sánchez González.

IV.- Con data 24 de setembro de 2024 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Exp 1445/441
- Nome e razón social do adjudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495.
- Presupuesto de execución material: 273.012,67 €
- Presupuesto de contrata: 324.885,08 € (antes de IVA)
- Plazo de execución: 5 meses
- Fecha de inicio de la obra: al día siguiente de la firma del acta de replanteo.
- Clasificación del contratista. No exigible
- Plazo de garantía: 2 años
- Asistencia técnica: ESINPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do



Concello de Vigo

plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeu a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA SILVANA** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código del proyecto: Exp 1445/441
- Nombre y razón social del adjudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.

S.ord. 04/10/2024

- NIF: A28849495.
- Presupuesto de ejecución material: 273.012,67 €
- Presupuesto de contrata: 324.885,08 € (antes de IVA)
- Plazo de ejecución: 5 meses
- Fecha de inicio de la obra: al día siguiente de la firma del acta de replanteo.
- Clasificación del contratista. No exigible
- Plazo de garantía: 2 años
- Asistencia técnica: ESINPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(792).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA.” EXPTE. 2039/441.

Visto o informe xurídico de data 24/09/2024 e o informe de fiscalización do 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data



Concello de Vigo

30.05.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.05.2024 aprobou o "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024. Expte. 3506-443.

2º.- En data 09.08.2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", cun orzamento base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), IVE engadido.

3º.- Trátase dunha actuación cofinanciada mediante o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións. Exp. 1717/441.

4º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 11.07.2024 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou o inicio do expediente de contratación.

5º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 11.07.2024.
- b) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 01.08.2024
- c) Certificado de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en datas 26 de xullo de 2024.
- d) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Área de Servizos Xerais de data 29.08.2024.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada e asinada polo servizo xestor en datas 29 e 30.08.2024.

- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 17.09.2024.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 17.09.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de “Asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de remodelación da Avenida de Madrid A-55 PP.KK 0+00 A 2+370 T.M de Vigo. Provincia de Pontevedra”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe de Área de Servizos Xerais en data 29.08.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 17.09.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL CENTO TRINTA E UN EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (227.131,52€) sendo o importe correspondente ao IVE de 39.419,52 euros.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.91, proxecto de gasto 23153291, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.542,67 €
2025	174.716,55 €
2026	34.872,30 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 995,95 % e para a terceira anualidade nun 198,79 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(793).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DO DEREITO DE SUPERFICIE DA PARCELA A “GRADA DE RÍO” DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 1882/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/10/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área e Servizos Xerais, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 25.05.1981 o Consorcio da Zona Franca de Vigo, cedeu ao Concello de Vigo, sen contraprestación e por un prazo de 50 anos, un dereito de superficie sobre unha parcela da súa titularidade, na que se ubica en parte a actual grada de Río; grada que se atopa integrada de forma indisoluble co resto do Estadio Municipal de Balaídos, ben de dominio público municipal.

2. O 7 de maio de 2024, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, á vista da próxima finalización do prazo do dereito de superficie constituído sobre parte da parcela da Grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos solicitou que por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo se estudiasse a posibilidade de prorrogar o prazo do referido dereito nas condicións outorgadas inicialmente.

3. O 15 de xullo de 2024, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o Xefe da Área de Servizos Xerais, conformado polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno, emitiuse informe coas razóns e necesidades que xustifican a devandita prórroga. No mesmo se indicaba:

I.- En data 25.05.1981 o Consorcio da Zona Franca de Vigo, cedeu ao Concello de Vigo, sen contraprestación e por un prazo de 50 anos, un dereito de superficie sobre unha parcela da súa titularidade onde se ubica parcialmente a actual grada de Río, grada que se atopa integrada de forma indisoluble co resto do Estadio Municipal de Balaídos, ben de dominio público municipal.

II.- Condicións urbanísticas da parcela.- A parcela na que se empraza a totalidade do Estadio Municipal de Balaídos está incluída no IOP. Segundo o dito instrumento a parcela está clasificada como solo urbano consolidado, incluído no Sistema Xeral de Equipamentos e Dotacións Comunitarias: Equipamentos Deportivos: (conxunto de espazos que integran instalacións de diverso tipo capaces de albergar prácticas deportivas de uso xeneralizado a todo o conxunto da poboación viguesa).

O artigo 4.1.8 Usos Asociados das Normas Urbanísticas da IOP establece que respecto de calquera Uso Dotacional, sexa Sistema Xeral ou Sistema Local, localizado en parcela de superficie igual ou superior a 2 hectáreas, considéranse como usos asociados aqueles usos posibles, vinculados ó uso principal, que contribúan ó seu desenvolvemento, que quedarán integrados funcional e xuridicamente con aquel. Terán carácter de Uso Asociado dentro dos Usos Dotacionais, Clase Sociocultural ou Clase Deportivo, os usos terciarios ou similares, que poderán ser utilizados en alugueiro ou concesión administrativa ou calquera outro réxime que non vulnere a titularidade pública. Non se admitirán en ningún caso os usos Residenciais, agás en Categoría 3ª. Estes Usos Asociados non poderán superar o cincuenta (50) por cento da superficie. A determinación de utilización destes Usos Asociados non ven limitada pola asignación de Usos permitidos ou compatibles da zona de Ordenanza 13 do Solo Urbano Consolidado

O Pleno do Concello en sesión de data 28.12.2023 acordou aprobar provisionalmente o documento nomeado "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo", versión para aprobación provisional, datado en outubro do 2023. Na documentación aprobada provisionalmente a totalidade do Estadio Municipal de Balaídos emprazase en solo urbano consolidado, incluído no sistema xeral de equipamento comunitario público como un equipamento Deportivo existente SX-EQ-DE-333



Concello de Vigo

O artigo 54.3 da normativa urbanística do PXOM aprobado provisionalmente establece que respecto de calquera uso dotacional, sexa de sistema xeral ou sistema local, localizado en parcela de superficie igual ou superior a dúas (2) hectáreas, considéranse como usos compatibles aqueles usos posibles, vinculados ao uso principal, que contribúan ao seu desenvolvemento, que quedarán integrados funcional e xuridicamente con aquel. Estes usos compatibles non poderán superar o cincuenta por cento (50%) da superficie. Terán carácter de uso compatible dentro dos usos dotacionais, clase cultural ou deportivo, os usos terciarios ou similares, que poderán ser utilizados en aluguer ou concesión administrativa ou calquera outro réxime que non vulnere a titularidade pública.

III.- O Estadio Municipal de Balaídos ven sendo utilizado polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. (no sucesivo RCCV) para a celebración dos encontros deportivos oficiais do seu primeiro equipo, en virtude do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o RCCV aprobado polo Concello-Pleno con data 17 de maio de 1989, obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno de 28 de maio de 1992, e unha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, onde se regulan os termos de dito uso.

A antigüidade e inadecuación das instalacións do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos ás necesidades actuais determinaron ao Concello de Vigo, dende o ano 2014 a execución dun proceso de transformación do Estadio co fin de modernizar e adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto e proporcionar ás instalacións unha imaxe formal conxunta e identificativa do Estadio. Neste proceso de transformación tense investido, ata a data actual en torno a 35 millóns de euros estando actualmente en trámite de licitación obras de remodelación que superan os 25 millóns de euros.

IV.- Á vista do previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, respecto dos prazos de vixencia dos convenios administrativos e da necesidade de continuar as obras de investimento para a modernización e funcionalidade do Estadio (as anteriormente referidas obras actualmente en licitación de máis de 25 millóns de euros para a reconstrución da grada de Gol, a necesidade de acondicionar os case 12.000 m² de espazos libres baixo as gradas do Estadio, así como outras actuacións complementarias que permitan a celebración de eventos non futbolísticos, pero compatibles con eles) o Concello de Vigo pretende acometer unha explotación unitaria da totalidade dos espazos e superficies que integran o Estadio, mediante a tramitación dun expediente concesional que permita implantar a explotación unificada do Estadio e obter os recursos precisos para as devanditas inversións.

Son as razóns expostas e a indivisibilidade das instalacións do estadio, e, en particular, das da grada de Río, que se empraza parcialmente na parcela propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo, as que determinan a necesidade de que o Concello de Vigo dispoña da totalidade do Estadio Municipal durante un prazo que permita a viabilidade da concesión proxectada; razóns polas que se solicita do Consorcio da Zona Franca de Vigo a prórroga do prazo do referido dereito de superficie polo prazo máximo legal permitido de 49 anos."

4. O Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión ordinaria, celebrada o 17 de xullo de 2024, acordou:

"**Primero.** -Aprobar la prórroga por un plazo de 49 años del derecho de superficie constituido a favor del Ayuntamiento de Vigo sobre la parcela conocida como "Grada de Río" del Estadio de Balaídos, con una superficie de 4.598 m², finca registral nº 31.683, sujeta a las condiciones que se recogen a continuación y a su aceptación por parte del Ayuntamiento de Vigo:

-El plazo comenzará a contar desde la finalización del derecho de superficie inicial, formalizado mediante escritura de 25 de mayo de 1981.

-Posibilidad de que el Ayuntamiento otorgue una concesión, o cualquier otro título sobre el bien que permita su explotación por un tercero, manteniéndose el resto de las condiciones del derecho de superficie inicial (como la no transmisibilidad del derecho de superficie y que la construcción habrá de formar parte integrante del Estadio Municipal de Balaídos, la reversión de las edificaciones ya construidas al CZFV sin que este deba satisfacer indemnización alguna).

-El canon anual a satisfacer por el Ayuntamiento de Vigo al CZFV se establece en 23.400 euros para 2031, más el IVA aplicable,debiendo revalorizarse anualmente,conforme a la variación que experimente el IPC.-El Ayuntamiento de Vigo sufragará todos los gastos e impuestos que suponga la prórroga, incluyendo los correspondientes a la necesaria inscripción en el registro de la propiedad de esta.

Segundo.- Facultar al Sr. Delegado Especial del Estado para llevar a cabo cuantos actos fuesen necesarios en orden al cumplimiento del acuerdo aprobado.”

5. Pola Xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 12.09.2024 emitiuse informe co seguinte tenor:

“INFORME:

ANTECEDENTES

O estadio de fútbol de Balaídos é unha instalación deportiva utilizada habitualmente polo equipo de fútbol Real Club Celta de Vigo. O primeiro estadio data do ano 1928. O primitivo edificio foi deseñado polo arquitecto Jenaro de la Fuente. O estadio foi remodelado en diferentes ocasións. No ano 1967 executouse a primeira gran remodelación, o proxecto foi realizado polo arquitecto Antón Román Conde en colaboración coa empresa madrileña Construcciones Laminares S.L. especializados en láminas de formigón armado. Esta obra representou un gran desafío técnico xa que se debía construír en moi pouco tempo e a cuberta de formigón acadaba unha lonxitude de 16,5 metros.

Máis tarde foi remodelada a denominada grada de Río para o mundial de fútbol de 1982. A partir de 2015 o estadio está sendo remodelado con obras de diferente alcance executadas en diferentes fases, algunhas delas supuxeron a demolición total do existente e a nova construción, outras conservaron a anterior estrutura de formigón. No caso da grada de Río, aínda que se mantivo a estrutura preexistente dos anos 80, tívose que realizar unha importante obra de reforzo.

Xa nos anos 2020-2021 foron executadas polo Concello obras de acondicionamento, cubertas, fachadas, etc., ata acadar o estado actual desta zona do estadio.

SITUACIÓN URBANÍSTICA DA PARCELA

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais. Coñecido como PXOU 93 ou Plan Xeral de 1993, en realidade trátase do denominado Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. nº 133, o 14 de xullo de 1993.

Tamén existe o Instrumento de Ordenación Provisional (en adiante IOP), redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (en adiante LAMFAO); foi aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019, publicación no DOG nº 160 do 26.08.2019 e a súa normativa foi publicada no BOP Pontevedra nº181 do 20 de setembro de 2019.

O IOP recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2008 que foi anulado por sentenza, trátase dunha ordenación que, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se tramita un novo plan. Este IOP tiña vixencia en tanto en canto se cumpriran os prazos sinalados na tramitación do novo plan xeral (artigo 87 da LMFAO): presentación do borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobación inicial do novo instrumento no prazo de dous anos e aprobación provisional do novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses.

Tras varias resolucións e ordes de servizo ampliando o prazo da vixencia deste instrumento de ordenación provisional, o 25.09.2023 o Pleno do Concello de Vigo acordou:

“PRIMEIRO. Amplíase en 3 meses, o prazo máximo para acordar a aprobación provisional do documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web municipal.

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e




o Rexistro de Planeamento de Galicia aos efectos que procedan.”

Este acordo do Pleno municipal foi publicado no DOG núm.187 do 02.10.2023.

Pódese deducir que esta ampliación do prazo de tres meses para acordar a aprobación provisional do plan xeral en tramitación ten como efecto a ampliación da vixencia do Instrumento de Ordenación Provisional tal e como se recolle nos informes do Secretario Xeral do Pleno (e no mesmo acordo plenario) que constan anexados no expediente 710/406 e que dan soporte xurídico á ampliación acordada polo Pleno do Concello de Vigo.

O 28.12.2023 o Pleno do Concello de Vigo acordou “Aprobar provisionalmente o documento nomeado Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación provisional...” Unha vez aprobado este plan xeral provisionalmente, o IOP continúa coa súa vixencia ata a aprobación definitiva do dito planeamento xeral.

Segundo o IOP a parcela está clasificada como solo urbano consolidado e cualificada como Sistema Xeral de Equipamento Deportivo, polo que non ten asignado aproveitamento lucrativo.



Recorte das follas 12-J e 13-J do plano da SERIE 2B do IOP coa parcela total do estadio de Balaídos grafada en azul.

Na parte sur da parcela atópase a Avda de Citröen e a factoría do Grupo Stellantis (antiga PSA) situada dentro dos terreos do Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV). Pola parte norte a parcela dá a Avda do Frago e a unha zona residencial, a meirande parte é vivenda colectiva con tipoloxía bloque aberto ou en fileira. Na zona oeste localízanse as pistas de atletismo, tamén clasificadas como equipamento deportivo. Estamos nunha zona na que existe unha mixtura de usos e tipoloxías: as naves industriais da factoría do grupo Stellantis e outras, os equipamentos deportivos, un equipamento social, as zonas verdes asociadas ao Lagares e as edificacións de vivenda colectiva.

Débase sinalar que o estadio está dentro da superficie das afeccións do río Lagares e calquera obra o actuación debe contar coa autorización do organismo de conca, é dicir, Augas de Galicia.

A parcela está no ámbito de aplicación do IOP e clasificada como solo urbano consolidado, como Sistema Xeral de Equipamentos, e polo tanto non ten asignada ningunha edificabilidade lucrativa.

VALORACIÓN

Achégase unha valoración elaborada pola mercantil Euroval na que se estima que o valor total da parcela situada baixo a grada de Río, e pertencente ao CZFV, ten un valor de 510.460,77 €.

A parcela valorada, segundo se recolle no informe de taxación, ten unha superficie de 4.598,00 m². O valor por metro cadrado desta parcela resultante é pois de 111,02 €/m².

A parcela que se valora está en situación de urbanizado (solo urbano) e non ten asignada edificabilidade polo planeamento vixente porque está destinada, segundo o planeamento a sistema xeral. Polo que, no caso de efectuar unha valoración coa normativa urbanística, sería de aplicación o regulado no apartado 3 do artigo 20 do Decreto 1492/2011 de 24 de outubro, polo que se aproba lo regulamento de valoracións da lei de solo, que establece "Si los terrenos no tienen asignada edificabilidad o uso privado por la ordenación urbanística, se les atribuirá la edificabilidad media, así definida en el artículo siguiente, y el uso mayoritario en el ámbito espacial homogéneo en que por usos y tipologías la ordenación urbanística los haya incluido. A tales efectos, se entiende por ámbito espacial homogéneo, la zona de suelo urbanizado que, de conformidad con el correspondiente instrumento de ordenación urbanística, disponga de unos concretos parámetros jurídico-urbanísticos que permitan identificarla de manera diferenciada por usos y tipologías edificatorias con respecto a otras zonas de suelo urbanizado, y que posibilita la aplicación de una normativa propia para su desarrollo".

Este terreo é propiedade do CZFV e está situado nas inmediacións do recinto onde se atopan a factoría do grupo Stellantis e outras instalacións de carácter industrial, de feito esta zona formou parte fai moitos anos da mesma parcela. Polo que, a xuízo da técnica que subscribe, sería de aplicación, subsidiariamente, o regulado no IOP para estes terreos. A ordenanza de aplicación sería a 12 1º de edificación industrial. O uso a adoptar sería o industrial, cos parámetros os que se recollen no texto da ordenanza 12 para o grado 1º.

Grao	Parcela mínima	Parcela máxima	Fronte mínima
Grao 1º Industria Especial	20.000 m ²	Libre	80 m.

Condicións de aproveitamento e edificabilidade:

Grao	Edificabilidade	Ocupación P.baixa	Outras
Grao 1º	4,00 m ² /m ²	90%	90%

Referencia catastral da parcela: 1535601NG2713N0001XX, parte, xa que no Catastro os terreos onde se sitúa o estadio constitúen unha única parcela, non diferenciando a parte municipal da parte do CZFV.

INFORME DE TAXACIÓN DE EUROVAL

A taxación elaborada por Euroval ten en consideración a valoración exclusiva do solo. A normativa de aplicación elixida é a Orden ECO/805/2003, de 27 de marzo de valoración de bens inmobles e certos dereitos para determinadas finalidades financeiras. O método de cálculo adoptado é o de "actualización das rendas", para un uso deportivo. Realizando un "residual dinámico en función de las rentas que el usuario de dichas instalaciones genera, y posteriormente se calcula el valor del derecho de superficie", segundo se recolle no propio informe de taxación achegado.

O valor do solo así calculado ascende a 510.460,77€. O valor por metro cadrado de solo sería de 111,02 €/m². O canon anual adoptado para o dereito de superficie é de 23.400€ anual. Esta cantidade anual supón un 4,58% do valor do solo.

CONCLUSIÓN

A valoración do solo calculada no informe de taxación de Euroval ascende a cantidade de 510.460,77€. O valor por metro cadrado do solo sería de 111,02 €/m². **Este valor sitúase dentro dos valores de mercado para unha parcela destas características.**

O canon anual que se adopa é de 23.400 €/ano. Este canon anual supón un 4,58% do valor do solo. A xuízo da técnica que subscribe, sen facer consideracións xurídicas sobre o dereito de superficie, o canon proposto se considera axeitado."



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- O dereito de superficie actualmente atópase regulado no artigos 53 e seguintes do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana (RDLS)

No artigo 53.4 establécese que o dereito de superficie ríxese polas disposicións do capítulo III do título VI do RDLS, pola lexislación civil no non previsto nel e polo título constitutivo do dereito.

Segunda.- O artigo 53.1 do RDLS establece tanto a atribución ao superficiario da facultade de realizar construcións ou edificacións na rasante, vo e subsolo dunha finca axena, mantendo a propiedade temporal das construcións ou edificacións realizadas, como a posibilidade de constituír sobre construcións ou edificacións xa realizadas atribuíndo ao superficiario a propiedade temporal das mesmas, sen prexuízo da propiedade separada do titular do solo, atopándose o dereito de superficie da grada dentro dos supostos do devandito artigo.

Terceira.- O artigo 53.2 do RDLS establece que para que o dereito de superficie quede válidamente constituído se require a súa formalización en escritura pública e a inscrición desta no Rexistro da Propiedade. Na escritura deberá fixarse necesariamente o prazo de duración do dereito de superficie, que non poderá exceder de noventa e nove anos, polo que a presente prórroga esgota o prazo legal previsto.

Cuarta.- A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aceptar a prórroga por un prazo de 49 anos do dereito de superficie constituído a favor do Concello de Vigo sobre a parcela coñecida como "Grada de Río" do Estadio Municipal de Balaídos, cunha superficie de 4.598 m², finca rexistral nº 31.683, suxeita ás seguintes condicións ao acordo plenario do Consorcio de Zona Franca de data 17 de xullo de 2024, reproducidas nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Comprometerse a habilitar crédito para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas no acordo plenario do Consorcio de Zona Franca de data 17 de xullo de 2024,

Terceiro.- Ampliar a 49 anos contados dende o exercicio 2031 o número de exercicios para a autorización do gasto correspondente ao pago do canon previsto no presente acordo, así como as porcentaxes de gasto que se imputa a cada un dos exercicios nas contías correspondentes ao importe actualizado do mesmo.

S.ord. 04/10/2024

Cuarto.- Facultar ao Concelleiro Delegado da Área de Goberno para levar a cabo cantos actos fosen necesarios en orden ao cumprimento do acordo aprobado, incluído o outorgamento da correspondente escritura pública

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(794).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO DE VIGO DURANTE O SAMAÍN 2024. EXPTE. 8703/104.

Visto o informe xurídico de data 23/09/2024 e o informe de fiscalización do 26/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/09/2024, asinado pola técnica de Actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 26/08/24.
- Memoria económica de data 27/08/24, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102



Concello de Vigo

LCSP, en base ós prezos facturados para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 28/08/24 (operación nº 145901).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 28/08/24
- Memoria xustificativa de data 26/09/24 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento procedemento aberto simplificado (art. 159.6 da LCSP)
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 16/09/24
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo servizo de contratación de data 16/09/24

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023, modificado por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 26/08/24 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO DE VIGO DURANTE O SAMAIN 2024**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28/08/24 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 16/09/24

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación **20.609,85€€**, con IVE de **3.576,92** euros

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2279904 “Plan e actividades de promoción turística” do programa orzamentario do servizo de Turismo.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de nomeamento dun funcionario de carreira, inspector auxiliar servizos (C2), pola quenda de promoción interna, da 3ª fase da OEP 2017-18-19. Expte. 43134/220.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo. Expte. 21894/240.
- .- Proposta de adxudicación da contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero”. Expte. 13019/224.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos

S.ord. 04/10/2024

establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(795).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA, INSPECTOR AUXILIAR SERVIZOS (C2), POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DA 3ª FASE DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 43134/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 02/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de inspector/a auxiliar de servizos (C2), pola quenda de promoción interna (das cales unha estaba reservada a persoas con diversidade funcional).

II.- En sesión de data 27/10/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de inspector/a auxiliar de servizos (C2), acordou formular á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

"(...) Nomear como funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de inspectora/inspector auxiliar de servizos enmarcadas no grupo C subgrupo C2, escala administración especial que figura incluída na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondentes as ofertas de emprego público 2017-2018-2019, do Concello de Vigo a:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
ROMÁN BREIJO	M.	***8993**	14,107

(...)"

III.- Segundo consta no expediente 41103/220, o proceso selectivo contou con un único aspirante, M. Román Breijo, polo que non constando ningún aspirante para a praza reservada para persoas con diversidade funcional, procede declarar a devandita praza deserta.

IV.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 30/10/2023.

V.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

VI.- Consta informe de verificación de datos de data 30/09/2024 segundo o cal:



Concello de Vigo

“- Consta tramitado expediente de actualización da RPT, figurando a aprobación definitiva da relación de postos de traballo 2024 no BOPPO núm. 183 de data 19/09/2024 (Expediente 43933-220).

- Consta o posto 426- Inspector/a auxiliar de servizos, persoal funcionario (dotación 1 no Servizo 256- Limpeza: Recollida de residuos e dotación 2 no Servizo 333- Xuventude), dotacións que figuran vacantes en data de sinatura.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a

la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, inspector auxiliar de servizos,, con cargo á praza vacante, enmarcadas no grupo C, subgrupo C2; escala administración especial; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, á M.I Román Breijo con DNI ***8993** , segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.



III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar deserta unha praza vacante de inspector/a auxiliar de servizos ofertada na OEP 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019), pola quenda promoción interna, reservada para persoas con diversidade funcional, ao non presentarse ao devantito proceso selectivo ningún aspirante.

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Inspector/a auxiliar de Servizos, enmarcada no subgrupo C2 de titulación, escala administración especial, ao aspirante **M. Román Breijo con DNI ***8993**** .

TERCEIRO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(796).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21894/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 3/10/2020, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (21894-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (21894-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Xefatura de Área de Xestión patrimonial e territorial 16.07.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.07.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS (1.400.000 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

<i>Anualidades</i>	<i>Importe</i>
<i>2024</i>	<i>350.000,00 €</i>
<i>2025</i>	<i>700.000,00 €</i>
<i>2026</i>	<i>350.000,00 €</i>

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (21894-240) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN
1º	AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	97,18
2º	MAPFRE ESPAÑA, SA	86,06

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 9.1.6º) do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 16 de setembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 18 e o 25 de setembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (350.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (350.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 9.1.6º) do PCAP.



Concello de Vigo

- Aval por un importe de 54.449,82 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 6 de setembro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (21894-240) coas seguintes condicións:

- a) Propón como prima anual do seguro 544.498,15 euros.*

b) *Propón unha redución do importe da franquicia sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 2.900,00 euros.*

c) *Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:*

Límite/Sublímite	Incremento
<i>Límite de indemnización por siniestro y año (5.000.000 €) para cada una de las garantías del PPT (esta ampliación no afectará a aquellas garantías que hayan establecido un sublímite por siniestro y año en el PPT inferior)</i>	<i>7.000.000,00 €</i>
<i>Sublímite de indemnización por víctima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzada (600.000 €)</i>	<i>600.000,00 €</i>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(797).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” Expte. 13019/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 3/10/2020, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero” (13019-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero” (13019-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23 de xullo de 2024.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 12 de xuño de 2024, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 28.908,05 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Outros Programas de Igualdade” 2311 2279903 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de setembro de 2024, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero” (13019-224) na seguinte orde descendente:

	LICITADORA	PUNTUACIÓN
1	NORFORMACIÓN, SL	82 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais (e materiais) esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, SL, o día 16 de setembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 26 de setembro de 2024, dentro do prazo concedido e 2 de outubro de 2024 fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (17.197,47 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (17.197,47 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.



Concello de Vigo

- Xustificante de transferencia por un importe (cada un) de 1.175,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NORFORMACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 e 9 de setembro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NORFORMACIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero” (13019-224) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 27.616,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.116,00 euros.*
- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP relativo á impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (parte variable) é do 7,00 %.*
- c) *Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora en 3 meses (a maiores dos 3 meses mínimos esixidos), en proxectos de dinamización de grupos xuvenís.*
- d) *Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa formadora en 25 horas (a maiores das 25 horas mínimas esixidas) na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(798).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez